| R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación | DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación | Non procede | | | 0 |
| R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG | DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación | Non procede | | | 0 |
| R2- D0201 P1 - POD | DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza | Completado | 27/07/2018 | | 1 |
| R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación | DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza | Completado | 21/09/2018 | Grao: http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0201_P1_2017-18.pdf<br>Mestrado: http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0201_P1_mhtco3_2017-18.pdf | 1 |
| R1- DO0203 P1 - Plan de acción titorial | DO-0203 P1 - Orientación ao estudantado | Completado | 28/09/2018 | http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0203_P1_2017-18.pdf | 0 |
| R2- D00203 P1 - Informe final de avaliación do PAT | DO-0203 P1 - Orientación ao estudantado | Completado | 28/09/2018 | Grao: http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0203_P1_2017-18.pdf<br>Mestrado: http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0203_P1_mhtco3_2017-18.pdf | 0 |
| R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares | DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas | Completado | 04/05/2017 | Non houbo cambios dende esa data<br>http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0204_P1_2017-18_gl.pdf | 0 |

| Rexistros da titulación de grao X<br>* *Incluiranse tantas táboas como titulacións haxa adscritas no centro* | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Rexistro | Procedemento | Estado do rexistro | Data límite de entrega | Observacións | Documentos Adxuntos |
| R1- PE01 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais) | PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador- PDI | Completado | 22/02/2018 | | 2 |

## II.1.8. Outros datos (que queira resaltar o centro)

**Os centros/títulos poden engadir, neste informe outros resultados relevantes, mais aló dos relacionados estritamente co panel de indicadores.*

**Poden incluírse referencia ou recortes relevantes en prensa sobre o centro, as titulacións, o profesorado do centro, outros logros acadados ou cuestións de especial interese.*

# III. ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO –SEGUIMENTO DAS TITULACIÓNS

## Seguimento da titulación: Grao en Xeografía e Historia

**Incluiranse tantos informes de análise como titulacións haxa adscritas no centro*

## CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

**Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.**

O desenvolvemento do plan de estudos realízase conforme á memoria verificada, sen que se produciran incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No grao en Xeografía e Historia, no curso 2017/2018, matriculáronse en primeiro curso, en primeira matrícula un total de 53 estudantes, matrícula que obtívose progresivamente ao longo das sucesivas convocatorias. Aínda que as cifras sempre deben analizarse con prudencia, este resultado supón un logro, xa que supera en 8 as condicións impostas no plan de viabilidade ditaminado pola Xunta de Galicia, no que se atopaba o centro dende o curso 2015/2016, ao non acadar o número mínimo de alumnado prescrito no Real Decreto. Neste momento é posible confirmar a tendencia dos tres últimos cursos á alza, incluído o presente, tal e como se pode observar no gráfico 1 (curso 2014/2015: 33).




Gráfico 1. Estudantes de primeira matrícula no Grao en Xeografía e Historia

Pensamos que esta nova realidade obedece, principalmente, á intensa política de visibilización e de captación que nos últimos anos leva a cabo o Centro en relación con este título, tanto no que se refire á modalidade presencial, como semipresencial. De feito maniféstase un lixeiro incremento na modalidade semipresencial, que confirma unha boa recepción desta opción xa detectada nos

dous cursos anteriores (gráfico 2). Outro aspecto que incidiu positivamente na matrícula foi a oferta do PCEO en Turismo e Xeografía e Historia, que comezou a súa andaina nese curso.




Gráfico 2. Alumnado matriculado na modalidade semipresencial no Grao en Xeografía e Historia

A representación gráfica do número de estudantes matriculado por vez primeira, presenta unha tendencia coincidente coa da taxa de ocupación (gráfico 3), na que superamos a meta do 100% acadando un 132,50%, un resultado que coincide co valor acadado pola taxa de preferencia (gráfico 4).




Gráfico 3. Taxa de ocupación do Grao en Xeografía e Historia




Gráfico 4. Taxa de preferencia do Grao en Xeografía e Historia

No seguinte gráfico podemos constatar como son coincidentes as tendencias marcadas pola matrícula e as taxas de ocupación e preferencia.



Gráfico 5. Nº estudantes 1ª matricula, % taxa de ocupación e % taxa de preferencia do Grao en Xeografía e Historia.

No perfil de ingreso confírmase a tendencia manifestada en cursos pasados (táboas 1 e 2) que a maioría accede a través da PAAU e, en segundo termo, a unha distancia moi considerable, a través do grupo de maiores de 25 anos, opción probablemente relacionada coa modalidade semipresencial e o perfil a quen vai dirixida; no terceiro posto, a unha maior distancia, se sitúa o acceso procedente da FP.

| Modalidade de ingreso | Curso | | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 2015/2016 | 2016/2017 | 2017/2018 | nº | % |
| Ensinanza Secundaria - con PAAU | 24 | 27 | 45 | 96 | 76,19 |
| Licenciatura | 1 | 2 | 1 | 4 | 3,81 |
| Formación Profesional | 10 | 4 | 2 | 16 | 12,70 |
| Técnico/a Superior en Artes Aplicadas e Homologados | 1 | 1 | 0 | 2 | 1,59 |
| Diplomatura/Anteriormente Mestres | 0 | 0 | 0 | 0 | 0,00 |
| Maiores de 25 anos | 1 | 0 | 5 | 6 | 4,76 |
| Maiores de 40 anos | 0 | 0 | 0 | 0 | 0,00 |
| Validación estudos estranxeiros | 0 | 1 | 1 | 2 | 1,59 |
| **Total** | 37 | 35 | 54 | 126 | 100 |

Táboa 1. Modalidade de ingreso do Grao en Xeografía e Historia.

En relación á nota media de acceso, sube lixeiramente en relación coa do curso pasado, resultando coincidente do conxunto do trienio analizado (gráfico 6 e táboa 2), situándose a media en 6,4. Ademais confírmase, como nos dous cursos precedentes, que a nota media das alumnas é algo máis elevada que a dos alumnos. Así mesmo, a nota mínima de acceso sitúase en 5, cifra que ven determinada pola cualificación máis baixa coa que accedeu un único estudante.

| Curso | Modalidade de ingreso | Estudos de acceso | Nota media acceso Home | Nota media acceso Muller | Nota media acceso promedio |
|---|---|---|---|---|---|
| 2015/2016 | Alumnado con título de bacharel. ou equivalente do sistema educativo español - con probas | Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía | 6,672 | – | **6,672** |
| | | Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais | 7,252 | 7,910 | **7,581** |
| | | Bacharelato LOXSE e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais | – | 7,020 | **7,020** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | COU (LXE) e Selectividade. Científico Tecnolóxica | 6,135 | – | **6,135** |
| | | | COU (LXE) e Selectividade. Biosanitaria | – | 6,300 | **6,300** |
| | | | COU (LXE) e Selectividade. Ciencias Sociais | 5,800 | 6,880 | **6,340** |
| | | | COU (LXE) e Selectividade. Humanístico Lingüística | – | 6,957 | **6,957** |
| | | Licenciatura | Licenciado en Psicopedagoxía | – | 6,940 | **6,940** |
| | | Acceso para maiores de 25 anos | Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos (LOE). Opción Ciencias Sociais e Xurídicas | 5,040 | – | **5,040** |
| | | Títulos oficiais de técnico superior de Formación Profesional | Administración: Administración e Finanzas | 5,000 | 7,170 | **6,085** |
| | | | Hostalería e Turismo: Información e Comercialización Turísticas | | 7,850 | **7,850** |
| | | | Informática: Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas | 5,000 | – | **5,000** |
| | | | Mantemento de Vehículos Autopropulsados: Automoción | 5,191 | – | **5,191** |
| | | | Servizos Socioculturais e á Comunidade: Integración Social | 9,700 | – | **9,700** |
| | | | Fabricación mecánica: Programación da produción en fabricación mecánica | 5,830 | – | **5,830** |
| | | | Xestión forestal e do medio natural | 8,000 | – | **8,000** |
| | | Títulos de técnico superior en artes plásticas e deseño e os seus homologados | Deseño Gráfico: Fotografía Artística | 6,200 | – | **6,200** |
| | 2016/2017 | Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas | Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía | 5,639 | – | **5,639** |
| | | | Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais | 6,693 | 5,018 | **5,856** |
| | | | Bacharelato (LOE) e Selectividade. Artes. Artes plásticas, deseño e imaxe | – | 7,764 | **7,764** |
| | | | Bacharelato LOXSE e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais | 5,810 | 8,590 | **7,200** |
| | | | COU (LXE) e Selectividade. Ciencias Sociais | – | 6,190 | **6,190** |
| | | | COU (LXE) e Selectividade. Humanístico Lingüística | – | 5,610 | **5,610** |
| | | | Bacharelato (LOE) e Selectividade. Estranxeiro | 7,180 | – | **7,180** |
| | | Licenciatura | Licenciado en Administración e Dirección de Empresas | 6,179 | – | **6,179** |
| | | | Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación | 5,000 | – | **5,000** |
| | | Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros | Credencial de homologación do título de Formación Profesional | – | 5,000 | **5,000** |
| | | Títulos de Formación Profesional | Administración: Administración e Finanzas | 6,000 | – | **6,000** |
| | | | Electricidade e Electrónica: Sistemas de Telecomunicación e Informáticos | 6,200 | – | **6,200** |
| | | | Servizos Socioculturais e á Comunidade: Educación Infantil | – | 7,040 | **7,040** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Proxectos de obra civil | 5,540 | – | **5,540** |
| | Títulos de técnico superior en artes plásticas e deseño e os seus homologados | Deseño Gráfico: Gráfica Publicitaria | 5,900 | – | **5,900** |
| 2017/2018 | Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas | Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía | 5,544 | – | 5,544 |
| | | Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais | 6,279 | 7,390 | 6,834 |
| | | Bacharelato LOXSE e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais | – | 7,115 | **7,115** |
| | | COU (LXE) e Selectividade. Científico Tecnolóxica | 6,360 | 5,480 | **5,920** |
| | | COU (LXE) e Selectividade. Biosanitaria | 5,240 | – | **5,240** |
| | | COU (LXE) e Selectividade. Ciencias Sociais | 5,500 | 7,080 | **6,290** |
| | | COU (LXE) e Selectividade. Humanístico Lingüística | – | 5,470 | **5,470** |
| | | Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias | 6,568 | – | **6,568** |
| | | Bacharelato LOMCE e ABAU. Humanidades | 7,120 | 7,878 | **7,499** |
| | | Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias Sociais | 7,713 | 7,636 | **7,675** |
| | Licenciatura | Licenciado en Dereito | – | 6,888 | **6,888** |
| | Acceso para maiores de 25 anos | Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos. Opción C (Ciencias Sociais) | – | 5,000 | **5,000** |
| | | Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos. Opción D (Humanidades) | – | 6,670 | **6,670** |
| | | Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos (LOE). Opción Artes e Humanidades | 6,530 | – | **6,530** |
| | | Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos (LOE). Opción Ciencias da Saúde | 6,035 | – | **6,035** |
| | | Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos (LOE). Opción Ciencias Sociais e Xurídicas | – | 6,247 | **6,247** |
| | Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros | Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel | – | 7,560 | **7,560** |
| | Títulos oficiais de técnico superior de Formación Profesional | Administración: Administración e Finanzas | – | 5,000 | **5,000** |
| | | Hostalería e Turismo: Información e Comercialización Turísticas | – | 6,100 | **6,100** |

Táboa 2. Modalidade de ingreso e nota media de acceso do Grao en Xeografía e Historia.




Gráfico 6. Nota media de acceso ao Grao en Xeografía e Historia

A análise da procedencia do conxunto do alumnado ofrece os seguintes datos que repiten anteriores situacións: a maioría proceden da cidade Ourense e a súa área de influencia, a provincia (62,3%); en segundo lugar sitúase Vigo e a súa comarca, ás que se lle sumamos os procedentes do resto da provincia de Pontevedra, alcanza o 21,4%; nun terceiro lugar, atópase a provincia da Coruña, cun 11,6% e máis afastado a provincia de Lugo cun 4,5%. Estas cifras indican que o proceso de difusión do grao[1] debe centrarse principalmente na zona sur da nosa comunidade autónoma, xa que é evidente a maior capacidade de captación do alumnado na Galicia meridional (gráfico 7), de onde proceden algo máis de catro quintas partes do total.




Gráfico 7. Lugar de procedencia do alumnado matriculado no Grao en Xeografía e Historia

No curso 2017/2018 ofertouse por vez primeira o Plan Conxunto do grao en Turismo e Xeografía e Historia e na primeira data, pechouse cun total de once matrículas, unha máis que as prazas ofertadas (cinco por cada centro). Dez deles proceden do Bacharelato e un de homologación de estudos estranxeiros (táboa 4).

[1] En relación coa Campaña de promoción do grao consultar Anexo II

| Curso Académico | Modalidade de ingreso | Estudo de acceso | Home | Muller | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| 2017/2018 | Alumnado con título de bacharelato ou equivalente | Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencia e Tecnoloxía | - | 2 | 2 |
| | | Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais | 1 | - | 1 |
| | | Bacharelato (LOMCE) e ABAU. Humanidades | 1 | 2 | 3 |
| | | Bacharelato (LOMCE) e ABAU. Ciencias Sociais | 1 | 2 | 3 |
| | | Bacharelato (LOMCE) e ABAU. Artes | - | 1 | 1 |
| | Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros | Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel | - | 1 | 1 |
| | **Total** | | **3** | **8** | **11** |

Táboa 4. Modalidade de ingreso do PCEO en Turismo e Xeografía e Historia

A continuación, ademais da vía de acceso, incluímos unha táboa coa medias de acceso:

| Curso Académico | Modalidade de ingreso | Estudo de acceso | Home | Muller | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| 2017/2018 | Alumnado con título de bacharelato ou equivalente | Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencia e Tecnoloxía | - | 6,950 | **6,950** |
| | | Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais | 7,356 | | **7,356** |
| | | Bacharelato (LOMCE) e ABAU. Humanidades | 9,260 | 8,620 | **8,940** |
| | | Bacharelato (LOMCE) e ABAU. Ciencias Sociais | 12,732 | 12,432 | **12,582** |
| | | Bacharelato (LOMCE) e ABAU. Artes | - | 8,000 | **8,000** |
| | Por equivalencia, homologación ou | Acreditación ou credencial de homologación do título | - | 5,000 | **5,000** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | validación parcial de estudos estranxeiros | de bacharel | | | |

Táboa 5. Modalidade de ingreso e nota media do PCEO en Turismo e Xeografía e Historia

Se ben a nota de acceso é de 5 (correspondente á modalidade homologación de estudos estranxeiros), a seguinte cualificación é de case 7; un dato moi importante é que a media de acceso sitúase en 8,1 (táboa 5). Aínda que non temos datos que nos permitan abordar a evolución, debemos constatar que este resultado resulta moi aceptable.

A procedencia do alumnado do PCEO en Turismo e Xeografía e Historia confirma a tendencia analizada para o caso do grao (Ourense e a provincia alcanzan o 63,63%).

A maioría do alumnado, en concreto o 71,42%, que solicitou recoñecemento de créditos, proviña do plan vello do grao en Xeografía e Historia no que, como xa comentamos, só foi posible matricularse en materias de 4º curso. Calquera estudante que quixera continuar co título e tivese materias pendentes dos tres primeiros cursos, necesariamente tivo que solicitar o recoñecemento.

No curso 2017/2018 o desenvolvemento do plan de estudos seguiu a dinámica marcada pola Memoria. Dun xeito natural, vanse suprimindo as opcións de matrícula no plan vello. En concreto, durante ese curso non houbo matrícula en 3º e se completou en 4º, e, polo tanto en todo o grao, o acceso ao novo plan. O éxito da nova asignación de 12 créditos obrigatorios na materia de Prácticas Externas foi rotundo, como se pode amosar nos resultados, tanto das cualificacións, como dos índices de satisfacción de todas as persoas implicadas (4,8 sobre 5). Datos que se extraen dos resultados do procedemento de implantación das mesmas Prácticas.

Antes de comentar os resultados das enquisas de satisfacción, debemos ter en conta que recollen as opinións de alumnado que está cursando dous plans de estudo diferentes, con resultados por pregunta que practicamente nunca son coincidentes, a pesar de que o conxunto do alumnado é tratado en exactas condicións. Estas diverxencias permanentes impiden extraer conclusións firmes e, por outra banda, nos inclinan a reflexionar sobre a representatividade destas respostas.

Os resultados das enquisas de satisfacción en relación á planificación e desenvolvemento da ensinanza, se ben superan o aprobado, non alcanzan en ningún dos dous plans de estudo vixentes a meta proposta como obxectivo de Calidade que situamos en 3,25. Os valores acadados son moi similares aos do curso pasado cunha media de 3,04. As preguntas que obtiveron peores resultados están relacionadas coas prácticas que se realizan nas materias e a orientación académica do PAT. A cuestión das prácticas pode obedecer, en parte, a propia estruturación das materias, nas que dúas horas teóricas e unha práctica por semana, pero esa *ratio* non é posible cambiala por ser a que figura na Memoria. Respecto ao PAT no curso 2016/2017 puxemos en práctica a reestruturación da asignación dos/as titores/as: un/unha docente por curso. Neste caso, en cada grupo se realizan dúas/tres titorías grupais en cada curso e se lle ofrece a posibilidade de recorrer de xeito individual, aínda que nunca o fan. Para comprobar a efectividade deste novo sistema é preciso ter unha evolución do mesmo. Sen embargo, resulta curioso que a meta si é alcanzada en relación coas persoas tituladas, como se a análise dende a distancia lles leve a realizar unha valoración máis elevada, chegando ao 3,62.

A participación do alumnado nas Enquisas de Avaliación Docente segue a ser escaso (39,18%), aínda que supera a do curso precedente. O centro tenta que o alumnado comprenda a relevancia de participar nestas enquisas, pero sen o éxito desexable, xa que o incremento na participación é moi lixeiro. Se ben esta realidade nos obriga a ser prudentes cos resultados, resulta evidente que, en xeral, son moi superiores aos acadados nas enquisas de satisfacción, con máis participación, pero referidas só ao 3º curso. Así a media do resultado do apartado de planificación é de 4,01/5 e do desenvolvemento 4,08/5 reflexando un lixeiro incremento en ambos casos co curso precedente (respectivamente 3,86 e 3,98).




Gráfico 8. Enquisas de avaliación docente do Grao en Xeografía e Historia

Consideramos que o número de estancias que o noso alumnado realiza fóra da universidade (4,5%) e o número de estudantes que visitan o noso centro (3,3%) resulta moi adecuado en proporción ao total. Tanto na Comisión de Calidade coma na Xunta de Facultade debateuse sobre as elevadas cualificacións obtidas, pero non se considerou unha razón de peso como para tomar medidas ao respecto. A día de hoxe non temos resultados sobre as enquisas de satisfacción deste colectivo, pero de xeito oral, a través da coordinadora de relacións exteriores, sabemos que a experiencia resulta moi ben valorada.

No curso 2017/2018 recibíronse dous escritos do alumnado, un referido á modalidade presencial e outro á semipresencial. Ambos tratáronse e debatéronse en profundidade tanto na Comisión de Calidade, como na Xunta de Centro. Tal e como se aprecia nas actashttp://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20180222.pdf e (http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_xf/Acta_XF_20180223.pdf) a conclusión máis significativa foi que as demandas estaban relacionadas con algúns contidos de determinadas guías docentes. A recomendación foi que o alumnado debía consultar, previamente á súa aprobación, as guías docentes das materias que consideraban que deberían introducir cambios. Previamente á aprobación das guías do vindeiro curso, enviáronse mensaxes con enlace ás guías ao alumnado representante de ambas modalidades, tanto dende a coordinación do grao, como dende o decanato; pero no momento das xuntanzas, as guías validáronse e aprobáronse sen que houbera ningunha suxestión de cambio.

| **Puntos débiles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
| --- | --- |
| • Baixa valoración das prácticas das materias<br>• Orientación académica do PAT | • A distribución das materias de horas teóricas e prácticas está recollida na Memoria Verificada e non pode ser cambiada<br>• Poñer en marcha unha maior difusión (redes sociais, web) e comprobar no tempo o resultado dos cambios no PAT |

| | |
|---|---|
| | |

**Evidencias nas que basea a valoración:**

E1: Memoria vixente do título
E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)
E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

**Indicadores nos que se basea a valoración:**

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición
I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia
I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)
I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
I01-AC: Nota media de acceso
I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
I02-AC: Ocupación
I03-AC: Preferencia
I03(2)-AC: Adecuación

## CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.**
A información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses) principalmente na web do Centro.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**
Un dos ítems mellor valorados na Certificación do Sistema, foi precisamente o nivel alcanzado polo Centro en relación coa información e transparencia. Hai tres anos a páxina web sufriu unha remodelación completa co obxectivo de facer os contidos máis accesibles e a actualización máis rápida. Para esta acción contratouse unha empresa que ata actualidade se encarga de actualizar os contidos que lle envíamos. Todas as accións do centro son inmediatamente transmitidas a esta páxina, tanto no que se refire ao día a día, como aos procesos de Calidade. Neste último caso, a medida que se actualizan os rexistros, son subidos de seguido á web, quedando unha relación do proceso evolutivo, como pode consultarse no seguinte enlace: http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0301_P1_2017.pdf
Outro aspecto interesante da web que reflicte as dinámicas do centro son os apartados de "Galería de fotografías" e de "Novas" que recollen a información que se publica do centro no DUVI.
A partir das recomendacións procedentes da Comisión de Acreditación, melloramos algúns aspectos, como por exemplo o "Calendario de Actividades".
Todos os eventos importantes, introdúcense na páxina principal, nun banner na parte superior que se intercala con fotografías da actividade do centro. "Clicando" no evento accédese a toda información do mesmo de forma rápida e sinxela. Tamén para publicitalas, imprímense carteis e folletos que se distribúen directamente nas aulas.
Outro dos recursos que mantemos permanentemente actualizado son as redes sociais, como o facebook, onde subimos información dos eventos previa, durante e despois dos mesmos.
Calquera actividade de relevancia, así como todas aquelas que dende os servizos centrais ou de campus chegan á facultade, son remitidos á lista de Historia, onde se inclúe toda a comunidade do centro, tanto alumnado como profesorado. Para non enviar información que non sexa útil, dende a secretaría administrativa do decanato se revalida o seu interese. Para que estas listas foran máis efectivas, no curso 2017/2018 institucionalizáronse e pasaron de depender da Delegación de Alumnado ao decanto. Todos os anos, coas novidades de matrícula, o listado de integrantes é actualizado.
Para os eventos que organiza a facultade, a decana comunícaos ao grupo de WhatsApp que inclúe aos/ás delegados/as de curso e os/as representantes da Delegación. O obxectivo é que estas persoas, a súa vez, transmitan a información, pola mesma vía, aos grupos que teñen de cada curso.
Os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado respecto a este aspecto mostra os seguintes resultados. O ítem mellor cualificados, superando o 3,5 é a accesibilidade e utilidade da información da web. Algo máis baixa, no plan de estudo vello, valorase o apartado da información noutros soportes cun 2,84, mentres que no plan novo é de 3,5. Lixeiramente máis baixo do 3,5 está valorada a información das actividades extracurriculares que non dependen directamente do centro.
En calquera caso, a pesar das abundantes vías de transmisión, e sen que cheguemos a ser capaces de encontrar unha explicación razoable, hai veces que a información non chega, dando a impresión de que é rexeitada antes de ser lida.
Sen embargo, unha vez máis, resulta curioso (e pouco comprensible) que este ítem sexa valorado coa máxima puntuación (5) na enquisa realizada ás persoas tituladas.

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| • | • |

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**
E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)
R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**
I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

## CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

| |
|---|
| **Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.**<br>A implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e a súa contribución á mellora continua do título é un feito na Facultade de Historia |

**Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:**

Durante o curso 2016/2017 a facultade de Historia certificou o Sistema de Garantía de Calidade obtendo un informe de conformidade. Para alcanzar este selo de Calidade que nos distingue, houbo que realizar un intenso traballo. En catro anos pasamos de ter as dinámicas do centro e os títulos sen protocolizar, aínda que en gran parte se identificasen con procesos e rexistros incluídos no Manual de Calidade, a ter o Sistema completamente actualizado. A partir da obtención da ACSUG do Selo, o obxectivo centrouse en dúas directrices: por unha banda poñer en práctica as recomendacións realizadas pola comisión avaliadora que se relacionaran coas posibilidades do centro, xa que unha gran maioría delas estaban en relación con cambios do Sistema sobre as que como centro, non temos capacidade de manobra; a segunda directriz encaminouse a manter constantemente actualizada a implementación do Sistema e evidencialo a través da páxina web do centro, onde unha vez que as accións son validadas pola Comisión de Calidade e aprobadas pola Xunta de Facultade, inmediatamente son publicitadas a través do medio que máis información recolle sobre o centro, a páxina web. Para esta acción resulta de gran axuda o Calendario que cada curso elabora a Área de Calidade da UVigo, sempre traballando pola mellora do Sistema.

Entre os aspectos que melloraron no Sistema no curso 2017/2018, algúns dos cales se recollían nas recomendacións da Comisión da Certificación, citamos:

-A plataforma das evidencias do Sistema. Este cambio implicou importantes melloras porque resultou ser un sistema moito máis accesible, xa que se accede ao mesmo dende a Secretaría Virtual, na que se inclúen recordatorios da documentación que queda por subir. Ademais o conxunto do proceso resulta máis doado, tanto na redacción do contido como na subida da documentación. Para facilitar o manexo desta plataforma a área impartiu cursos tanto as coordinacións de Calidade como ao persoal das áreas de apoio a centros e a departamentos.

Outra medida que afectou aos Centros en relación ao Sistema foi a posta en marcha dunha decisión, ao noso entender, brillante referida aos autoinformes de Seguimento e aos Informes de Revisión pola Dirección. Ata o curso 2016/2017 todos os títulos da Universidade de Vigo eran obxecto dun Informe de Seguimento; aqueles Informes que non eran avaliados pola ACSUG, eran revisados por avaliadores internos da UVigo. A maiores, o Centro realizaba anualmente un Informe de Revisión pola Dirección que incluía todos os títulos impartidos. Os cambios sobre esta práctica foron os seguintes: o Informe de Seguimento só sería elaborado por unha serie de títulos que estaban nunhas condicións determinadas (por exemplo, aqueles que ían ser avaliados pola ACSUG), neste caso había que seguir o modelo da plataforma AVALIA. O resto dos Centros elaborarían un único Informe de Revisión pola Dirección, sobre a base dun modelo novo, que incluiría tamén aspectos do Seguimento.

Respecto ás recomendacións emitidas pola Comisión da Certificación, moitas delas referíanse ao Manual de Calidade e polo tanto dependían da Universidade. Entre as recomendacións que se referían ao noso centro, algunhas eran sinxelas e implementáronse pronto, como a conexión entre a *time line*, que recollía as accións desenvolvidas en relación ao Sistema, coa acta onde se validaba e aprobaba. Outras recomendacións eran máis complexas. O maior reto era a elaboración dun Plan Estratéxico do Centro, especialmente pola carencia dun plan estratéxico da Universidade de Vigo que nos servise como guía e referente. No pasado curso 2017/2018 este tema debateuse na Comisión de Calidade http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20171129.pdf e na Xunta de Facultade e puxemos as bases para a súa elaboración definitiva no curso 2018/2019.

Outra novidade neste ámbito relaciónase co novo Equipo de Goberno, que á súa vez implicou o cambio na dirección da Área de Calidade. Esta innovación non supuxo grandes modificacións na plantilla das técnicas e técnicos da área, as que se materializaron foron previas, derivadas da aplicación da nova RPT.

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| • | • |

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**
E5: Actas das reunión celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

| |
|---|
| E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)<br>E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)<br>E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC<br>EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso) |
| **Indicadores nos que se baseou a valoración:**<br>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade<br>**I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro** |

# CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

| |
|---|
| **Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.** |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br>A información máis salientable relacionada co PDI, actualizada permanentemente (perfil investigador, materias que imparte, contacto, despacho e horas de titorías) pode ser consultadas na web da Facultade, no seguinte link: http://historia.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado<br>Durante o curso 2017/2018 non se rexistraron moitos cambios respecto ao 2016/2017, en canto ao número de profesorado. A profesora titular que desfrutara dun sabático incorporouse á docencia habitual, e na área de Historia Moderna só foi preciso contratar a unha profesora de lista de agarda, a mesma que o curso anterior. O exceso de créditos da área de Historia Antiga, derivado da desgravación polo cargo de decana, foi cuberto coa mesma persoa como profesora Asociada e por unha contratada predoutoral. A incidencia cun profesor da área de Historia Contemporánea, que nos últimos cinco anos ven causando baixa no cuadrimestre no que ten asignada docencia, esixiu a contratación de dous profesores invitados. O período de baixa durou todo o cuadrimestre, finalizando cando rematou a docencia. Esta incidencia tan reiterada causa moitos problemas na organización docente, xa que o mencionado profesor ten asignados bastantes créditos no grao en Xeografía e Historia. O vicerreitorado de Profesorado está ao tanto desta problemática, pero non hai posibilidade de establecer mecanismos de corrección. Nas áreas de Xeografía e de Historia da Arte, o exceso de créditos que non pode asumir o profesorado de plantilla, foi así mesmo cuberto por profesorado Asociado, en concreto dous, na Área de Historia da Arte e un en Xeografía Humana, suficiente porque neste ámbito participou da docencia un contratado predoutoral, que defendeu a súa Tese de Doutoramento ao final do curso.<br>Se ben é certo que a docencia durante o curso completo sempre estivo debidamente cuberta e as incidencias foron resoltas, seguimos cunha carencia de profesorado fixo, moi preocupante, que vaise agravar no curso 2018/2019, xa que o profesor Titular da área de Historia Medieval aprobou a oposición para ocupar un posto no CSIC. Unha vez máis, como ven sendo habitual neste Informe, manifestamos as carencias derivadas da contratación temporal. Polo xeral, debido ás propias condicións do contrato, este profesorado non ten a obriga de asumir certas tarefas propias do profesorado fixo, tales como a titorización de Prácticas Externas e de TFG, ou a pertenza a tribunais, polo que depende da súa vontade. Por outra banda teñen, neste caso, o impedimento, de asumir tarefas de xestión, moi abundantes nun centro e que deben ser asumidas polo cada vez máis escaso profesorado fixo, que por outra banda supera neste momento os 51 anos de idade.<br>A pesar desta circunstancia, constátase un traballo eficaz e intensivo de todo o profesorado, fixo e contratado, que incluso, aínda que non ten obriga, colabora coas tarefas de coordinación e xestión. En xeral o profesorado do grao dirixe ou integra proxectos de investigación relacionados coas súas áreas de especialización, participa en congresos nacionais e internacionais, publica en revistas de impacto e realiza tarefas de transferencia. Así mesmo compren con rigorosidade coas tarefas académicas asignadas e os prazos prescritos.<br>No curso 2017/2018 impartiron docencia no grao en Xeografía e Historia 28 profesores e profesoras, dos cales hai 1 catedrático, 9 titulares de universidade, 1 titular de escola, 2 contratadas doutoras, 6 asociados/as, 2 contratados/as predoutorais, |

2 contratados/as interinos/as e 3 profesores substitutos. O número total de doutores/as é de 20. Hai profesoras e profesores do grao que xa hai algúns anos obtiveron a acreditación da ANECA (1 a catedrática, 3 a titulares e 2 a contratados doutor). Só a praza de catedrática acadou unha praza de promoción de categoría nas convocatorias feitas pola universidade e terá lugar no curso 2018/2019.

O número de sexenios do profesorado que participa na docencia a tempo completo é de 31, é dicir 7 máis que no curso precedente, incremento que se relaciona tamén co mencionado sabático, xa que no curso pasado non se computaron os sexenios desta profesora. A *ratio* entre os posibles sexenios e os concedidos é dun 80%, e pon de manifesto o alto nivel e calidade da produción investigadora da plantilla, tendo en conta que non todo o profesorado pode acceder a esta solicitude (gráfico 9).




Gráfico 9. Sexenios e quinquenios do profesorado con docencia no Grao en Xeografía e Historia

Xa comentamos no criterio 1 a casuística en relación ás Enquisas de Avaliación Docente (participación escasa e resultados superiores) en relación ás enquisas de satisfacción (máis participación, só 3º curso e menos valoración). Esta mesma situación aplícase ao ítem da satisfacción do alumnado en relación co profesorado que é, no primeiro caso, de 4,10/5, reflectindo un lixeiro incremento respecto ao curso precedente.




Gráfico 10. Enquisas de avaliación docente no Grao en Xeografía e Historia

A continuación pasamos a analizar o sector do PAS
Durante o curso 2017/2018 puxéronse en práctica as innovacións da nova RPT e que xa foron descritas no pasado Informe de Revisión. Durante o primeiro cuadrimestre a sensación de caos foi evidente. Sinteticemos por servizos os aspectos que afectaron ao Centro e polo tanto aos títulos que nel se imparten.
Na secretaría administrativa do centro houbo uns meses de escasa operatividade, xa que a persoa que se incorporou ao novo, con gran experiencia nas tarefas de Departamento, nunca estivera en contacto cun centro, polo que só puideron ser realizadas con eficacia aquelas tarefas similares, basicamente relacionadas cos asuntos económicos. A volta das vacacións de Nadal, a persoa designada ao posto presentou unha baixa médica e non se incorporou, dende entón, ao seu posto. Esta situación propiciou que a baixa foxe cuberta por unha Comisión de Servizos, sendo ocupada pola administrativa que estaba antes de producirse os cambios derivados da RPT, contribuíndo a que a situación volvese á normalidade administrativa.
A unidade administrativa de Apoio aos Centros e a Departamentos foi a que acusou os maiores cambios, xa que as tarefas asignadas, ás veces non de todo claras, eran completamente novas no sector dos PAS. En consonancia con elo, houbo abundantes cursos formativos, especialmente relacionados coa temática da Calidade, e bastantes reunións cos servizos de xestión co obxectivo de aprender as novas funcións. A pesar da utilidade dos cursos, a aprendizaxe real lévase a cabo coa práctica, a coordinadora de Calidade da Facultade de Historia tivo varias sesións coas persoas encargadas de colaborar na elaboración deste Informe no curso pasado, explicándolles a práctica dos aspectos máis fundamentais. No noso caso concreto, ao compartir esta unidade coa Facultade de Ciencias de Educación e grandes Departamentos, percibimos un desequilibrio na dedicación do tempo que ía máis alo das desigualdades das necesidades. Así que tanto a decana de Ciencias de Educación como a da Facultade de Historia, mantiveron xuntanzas coa administradora de campus e coa Unidade asignada para tratar de solucionar os problemas. O segundo cuadrimestre, aínda que continuaba a aprendizaxe e a fase de adaptación, a situación foise normalizando.
Os cambios na Unidade Económica tamén influíron na dinámica do Centro, xa que antes tiñamos un administrativo en exclusiva e pasamos a compartir as tarefas con Ciencias de Educación. Tamén houbo moitos momentos de desconcerto porque a nova persoa responsable, pola maior carga de traballo, non asumía certas tarefas que se daba por feito que faría. O exercicio económico do ano 2017 pechouse dun xeito normalizado, en parte porque xa estaban moitos gastos encarrilados.

Respecto á Secretaría de Alumnado, se ben tamén produciuse unha fusión entre Ciencias de Educación e Historia, non afectou a dinámica do Centro e dos títulos que se imparten, tampouco a redución de dous administradores de campus a unha única administradora.
A porcentaxe de participación das accións formativas deste colectivo, en parte polos feitos explicados, veuse notablemente incrementada en máis de11 puntos con respecto ao curso precedente (pasándose de 80,39% a 91,67%), continuando coa tendencia ao incremento detectado o curso pasado, que foi de 10 puntos (gráfico 11).




Gráfico 11. Porcentaxe de participación do PAS vinculado á Facultade de Historia en cursos de formación

É importante deixar constancia de que a valoración do alumnado deste colectivo mostrou un incremento nas enquisas de satisfacción, acadando un dos resultados máis elevados (3,86/5 no plan vello e 3,81/5 no plan novo); neste caso, o mesmo sucede coa valoración das persoas tituladas xa que tamén lle conceden a este ítem a máxima puntuación.
A pesar de que no curso 2017/2018 estaba asignado a este colectivo a cumprimentación das enquisas de satisfacción, non se fixeron efectivas, probablemente polos cambios ocasionados pola RPT que deixaron, en moitos casos, a un número importante de PAS sen asignación a un centro concreto.

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| • Escaso número de profesorado fixo<br>• Baixa participación nas EAD | • Entrevistas co equipo de goberno para deixar constancia da problemática do centro co profesorado fixo e solicitar solucións.<br>• Transmitir a importancia de participar nestas enquisas para a mellora do título |

**Evidencias nas que se baseou valoración:**
E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve
E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)
R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA)

| |
|---|
| **Indicadores nos que se baseou a valoración:**<br>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI<br>I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas<br>I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.<br>I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución<br>I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos<br>I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)<br>I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)<br>I02-PE: Cualificación do PDI<br>I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)<br>I03(2)-PE: Profesorado por categoría |

# CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

| |
|---|
| **Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.** |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br>En xeral, as infraestruturas e o conxunto dos recursos materiais de que dispón a facultade de Historia son suficientes para o desenvolvemento do programa formativo do grao en Xeografía e Historia. Como ven sendo habitual, na planificación do curso seguinte, asígnanse as aulas por curso, tanto para as clases prácticas como as teóricas. Así mesmo actualizáronse un par de canons para as aulas que o precisaban e investiuse na mellora dos recursos materiais do laboratorio de informática, cada vez máis utilizado no desenvolvemento da docencia. Tamén actualizáronse os programas e algúns equipos informáticos. Como ven sendo habitual, o Centro cubriu as necesidades do profesorado que precisou actualizar os seus equipos informáticos.<br>A pesar de elo, detectamos a través das enquisas de satisfacción a necesidade de certas melloras. Así, continuamos a recibir queixas, tanto do alumnado como do profesorado, respecto á temperatura de determinadas aulas, especialmente as orientadas ao norte; á ausencia de ergonomía dos asentos das aulas con bancadas fixas e a necesidade de máis enchufes que permitan a conexión dos aparatos electrónicos. A solución destas demandas non depende do axustado orzamento do Centro, senón da vicerreitoría do campus de Ourense que, en función das súas posibilidades, vai realizando as melloras, dun xeito máis lento do desexable. A pesar de que no curso 2107/2018 agardábamos que unha aula da facultade de Historia fora obxecto de melloras, o cambio do equipo reitoral interrompeu esta dinámica, que nos abocou a seguir na mesma situación que no ano precedente.<br>Tamén o cambio de equipo reitoral paralizou a distribución espacial planificada para o novo edificio do Campus Auga, aínda non executada. Ao noso Centro afectoulle na medida de que se contemplaba ampliar espazo a costa do ocupado actualmente pola vicerreitoría, situada no mesmo edificio que as aulas. Na redistribución actual a única asignación que nos afecta é a asignación de dous espazos no edificio campus Auga ao Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio.<br>Na mesma liña que en cursos anteriores unha gran maioría do PDI (todos os que son fixos) dispón de despachos individuais que permiten desenvolver axeitadamente as tarefas docentes e investigadoras; o persoal contratado, especialmente se é só por un cuadrimestre soe compartir despacho e manifestan que este espazo é suficiente para as súas obrigas docentes.<br>Coa nova RPT houbo tamén novas asignacións de espazos ao PAS, compartidos e distribuídos por servizos, que lle permiten atender as súas tarefas administrativas.<br>Seguimos sen atopar un espacio que podamos transformar en unha sala de encontro e intercambio para o profesorado.<br>O feito de compartir os espazos tanto da docencia como dos despachos e da administración coa facultade de Ciencias de Educación resulta moi positivo porque as relacións entre ambos os dous centros son cordiais e sempre colaborativas, polo que os recursos propios son sempre, na medida do posible, compartidos. |

Os espazos comúns ao campus, como as salas de estudo, aulas informáticas de libre acceso, salas de conferencia, a biblioteca, o pavillón de deportes, etc., son suficientes para as necesidades da comunidade universitaria e compren coas condicións requiridas.
O valor relativo aos recursos materiais nas enquisas de satisfacción do alumnado é no plan antigo 3,38, e no novo 2, 65, sempre sobre 5. Constatamos, ao igual que no curso pasado, unha tendencia cara a baixa, sendo máis acusada no curso 2017/2018. As preguntas con puntuación menor refírense aos espazos do Edificio Facultades, especialmente as aulas, que alcanzan a puntuación máis baixa (respectivamente 3 e 2,06), cifras en consonancia coas demandas continuas que son canalizadas á Vicerreitoría do campus; o segundo espazo menos valorado son os laboratorios (3,67 e 2,32). Xa mencionamos que na aula de informática, a finais do curso 2017/2018 actualizáronse varios equipos e continuarase nesta liña. Os espazos mellor valorados son os de traballo autónomo (3,86 e 2,9).
As instalacións das Prácticas Externas considéranse adecuadas. Durante os contactos previos á firma dos convenios e a redacción do programa formativo, a Coordinación infórmase do lugar onde se van levar a cabo, e, en xeral, o alumnado non manifesta queixas respecto ao mesmo.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|
| • Deficiencias nas aulas dedicadas a docencia (ergonomía dos asentos e enchufes); temperatura<br>• Deficiencias nos equipos do laboratorio de informática.<br>• Ausencia dunha sala de encontro para o profesorado | • Buscar as vías de financiación para solucionar os problemas nas aulas e para instalar enchufes<br>• Renovar progresivamente los equipos del aula de informática<br>• Tentar de atopar un espazo que se poida converter en un lugar de encontro para o profesorado |

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**
E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.
E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**
I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.
I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

# CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.**

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Empezamos a reflexión deste criterio a través da análise dos resultados das tres taxas, de éxito, rendemento e avaliación por materias (Táboa 6).
**Plan O02G251V01**

| Materia | Éxito | Rendemento | Avaliación |
|---|---|---|---|
| Teoría e método da arqueoloxía | 78% | 70% | 91% |
| Historia: Introdución á etnoloxía | 92% | 74% | 80% |
| Historia: Introdución á historiografía | 96% | 68% | 71% |
| Xeografía: Fundamentos de xeografía física | 90% | 75% | 84% |
| Xeografía: Fundamentos de xeografía humana | 72% | 53% | 74% |
| Arte: Linguaxes e técnicas artísticas | 94% | 85% | 90% |
| Arte: Arte clásica | 92% | 75% | 81% |
| Historia de América precolombina e colonial | 69% | 46% | 67% |
| Idioma moderno: Inglés para humanidades | 86% | 72% | 84% |
| Prehistoria universal | 90% | 65% | 72% |
| Xeografía: Espazos e sociedades | 96% | 89% | 93% |
| Historia antiga universal | 100% | 86% | 86% |
| Historia medieval universal | 100% | 85% | 85% |
| Historia: Fontes de información en humanidades | 97% | 85% | 88% |
| Paleografía | 79% | 54% | 69% |
| Historia: Metodoloxía da historia | 83% | 50% | 60% |
| Historia moderna universal | 65% | 42% | 64% |
| Historia contemporánea universal | 97% | 80% | 83% |
| Historia da arte medieval | 96% | 90% | 93% |
| Arqueoloxía aplicada | 96% | 93% | 96% |
| Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe | 100% | 97% | 97% |
| Prehistoria da Península Ibérica | 100% | 96% | 96% |
| Historia antiga da Península Ibérica | 100% | 89% | 89% |
| Historia medieval da Península Ibérica | 100% | 97% | 97% |
| Historia da arte moderna | 96% | 77% | 80% |
| Sistemas de representación xeográfica | 100% | 93% | 93% |
| Historia moderna de España | 79% | 63% | 80% |
| Historia contemporánea de España | 93% | 93% | 100% |
| Historia da arte contemporánea | 96% | 71% | 74% |
| Mundo actual | 100% | 96% | 96% |
| Historia de América contemporánea | 100% | 90% | 90% |
| Diplomática e arquivística | 100% | 67% | 67% |
| Prácticas externas | 100% | 76% | 76% |
| Traballo de Fin de Grao | 100% | 35% | 35% |
| Xeografía de Galicia | 100% | 100% | 100% |
| Historia da arte de Galicia | 100% | 75% | 75% |
| Historia antiga do noroeste da Península Ibérica | 100% | 96% | 96% |
| Historia medieval de Galicia | 100% | 100% | 100% |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Historia das relixións | 95% | 95% | 100% |
| Prehistoria do noroeste da Península Ibérica | 100% | 69% | 69% |
| Historia moderna de Galicia | 100% | 60% | 60% |
| Historia contemporánea de Galicia | 100% | 70% | 70% |

Táboa 6. Taxas de éxito, rendemento e avaliación por materia do Grao en Xeografía e Historia

Dado que só queda vixente un curso do plan antigo, centraremos a nosa análise no plan novo que presenta situacións similares, cunha lixeira tendencia á alza en todos os valores, a cursos precedentes e que cualificábamos de satisfactorias. O 47,6% das materias acada unha taxa de rendemento igual ou superior ao 80%; o 38,1% entre o 60 e o 80% e só un reducido 7,1% mostra unha taxa inferior ao 50%, sendo a máis baixa a do TFG cun 35%. Esta cifra tan baixa merece unha análise máis pormenorizada (táboa 7).

| CURSO ACADÉMIC | TFG MATRICULADOS | TFG DEFENDIDOS | |
|---|---|---|---|
| | Nº | Nº | % |
| 2015/2016 | 36 | 22 | 61,11% |
| 2016/2017 | 40 | 20 | 50,00% |
| 2017/2018 | 37 | 14 | 37,84% |
| | 113 | 56 | 49,56% |

Táboa 7. TFG matriculados e defendidos

A taxa de rendemento do TFG manifesta unha baixada do 50% en 2016/2017 ao case 35% no curso 2017/2018 (táboa 10), a pesar de que a taxa de gradación (gráfico 12) experimenta unha melloría, pasando do 43,24 ao 45% en ambos os dous cursos. Este desfase explícase porque no cómputo, os TFG defendidos intégranse non no ano de defensa, senón na cohorte correspondente, a medida que se van defendendo en cursos posteriores. En calquera caso, a taxa de gradación segue sendo escasa e está lonxe de resultar satisfactoria. Se ben é certo que todos os TFG presentados superaron a materia (taxa de éxito 100%), a taxa de avaliación sitúase no 35% (táboa 6). Unha posible razón das baixas taxas de rendemento e avaliación nesta materia pode relacionarse co feito de que é preciso ter superadas todas as do grao para defender o TFG, pero a carga de traballo de estas está pensada para superar a titulación nos catro anos de duración.
Esta afirmación pódese comprobar cos resultados acadados na taxa de éxito por materia, realmente favorables, como se pode comprobar na táboa 6. O 47% alcanza un 100% de éxito; o 35,7% entre o 90 e o 100%; 11,9% entre o 70 e o 90% e só un 4,7% entre o 60 e 70%. A taxa de éxito máis baixa é nunha materia co 65%. As taxas de avaliación, se ben non son baixas (só o 4,7% chega ao 60% con taxas de éxito, respectivamente, do 100% e do 83%) e ningunha baixa desta porcentaxe, son inferiores ás de éxito). O 7,1% alcanza o 100% con taxas de éxito superiores ao 90%, o 57,14 % entre 80 e 100% e o 33,3% entre o 60 e 80%; destacando, como xa comentamos, o TFG cun 35%.




Gráfico 12. Taxa de gradación no Grao en Xeografía e Historia

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| • Taxa de gradación escasa | • Averiguar a causa deste resultado e, na medida do posible, implementar accións para mellorala |

**Evidencias nas que se se baseou la valoración:**
E4: Guías docentes das materias
E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor/a e cualificación)
E25/: Informes de cualificación por materia
EA11: Informes de prácticas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**
I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción
I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

# CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Para a análise deste criterio comezamos coa valoración das taxas de éxito, eficiencia e avaliación (Gráfico 13)




Gráfico 13. Taxas de éxito, eficiencia e avaliación

A taxa de éxito mantén o mesmo nivel que no curso anterior e aínda que descende lixeiramente 4 puntos con respecto ao 2015/2016, presenta un valor realmente satisfactorio, que indica que unha porcentaxe elevadísima de alumnado supera as materias ás que se presenta. O resultado alcanzado coincide exactamente coa meta prevista na planificación dos obxectivos de calidade. No caso da taxa de rendemento, o obxectivo do 94% non se alcanza, quedándose no 86% e resultando o máis baixo dos últimos tres cursos. Dados os resultados da taxa de éxito, este valor hai que poñelo en relación co incremento do absentismo á hora de presentarse ás probas de avaliación; se ben o índice segue en cotas elevadas, o descenso non é unha boa noticia. A razón, probablemente, se relacione coa modalidade semipresencial onde quizais o alumnado non teña ben calibrado as materias que pode superar cada ano, as propias obrigas laborais poden incidir nesta realidade. A taxa de avaliación presenta un resultado constante nos tres últimos anos, sendo a máis baixa dos tres ítems. Neste caso estásenos a indicar claramente o aspecto comentado respecto ao índice de rendemento, no que inflúen tamén os suspensos.
Na táboa 8 agrupáronse todas as materias do grao a partir de diversos tramos que presenta a taxa de rendemento.

| | Curso 2015/2016 | Curso 2016/2017 | | Curso 2017/2018 | |
|---|---|---|---|---|---|
| Taxa de rendemento | | G250 | G25 | G250 | G251 |
| 100% | 9 | 14 | 2 | 6 | 2 |
| 99% ao 90% | 4 | 3 | 6 | 0 | 11 |
| 89% ao 80% | 14 | 3 | 8 | 0 | 7 |
| 79% ao 70% | 8 | 6 | 4 | 0 | 10 |
| 69% ao 60% | 11 | 1 | 3 | 1 | 6 |
| 59% ao 50% | 9 | 6 | 3 | 2 | 3 |
| Inferior ao 50% | 9 | 4 | 4 | 2 | 3 |

Táboa 8. Taxa de rendemento agrupada no Grao en Xeografía e Historia

Dado que o número total de materias do grao do plan vello é moi reducido, 11, e que é o último curso que se consideran, imos centrarnos na análise do plan vixente. Os datos mostran un resultado satisfactorio, xa que o 71,4% presenta un rendemento superior ao 70% e o 85,7% por riba do 60%. Só tres materias están por baixo do rendemento inferior ao 50%, unha delas é o TFG (35%) e as outras dúas están no 46 e 42%, sendo esta cifra a máis baixa. Así mesmo, ambas materias presentan un índice baixo de avaliación, o 67 e o 64% respectivamente, o que indica un nivel de absentismo elevado en relación ao resto de materias. Esta circunstancia coincide cunha menor taxa de éxito con relación á media, respectivamente 69 e 65%. Se ben as cifras non son en si mesmo demasiado baixas, si o son respecto á media do grao, polo que estás serán enviadas aos respectivos responsables das materias para que reflexionen sobre elas por se é posible melloralas. A situación da materia de América precolombina e colonial é máis reincidente, o docente responsable dela xubílase neste curso 2018/2019. A continuación incluímos dúas táboas (9 e 10) nas que se recolle a evolución das materias que acadan menor e maior rendemento.
Durante o curso 2017/2018 apréciase un descenso na porcentaxe de materias cunha taxa de rendemento inferior ao 50%, ao se situar no 7,14% do total, mentres que no curso 2016/2017 esta acadara o 13,33%.

| **Plan O02G251V01** | | | |
|---|---|---|---|
| **Materia con maior taxa de rendemento** | Curso 2015/2016 | Curso 2016/2017 | Curso 2017/2018 |
| G251204 Teoría e método da arqueoloxía | **100%** | | |
| G251504 Prehistoria da Península Ibérica | | | |
| G251501 Historia antiga da Península Ibérica | | | |
| G251602 Historia da arte contemporánea | | | |
| G251301 Xeografía: Espazos e sociedades | | **100%** | |
| G251405 Arqueoloxía aplicada | | | |
| G251908 Xeografía de Galicia | | | **100%** |
| G251907 Historia medieval de Galicia | | | |

Táboa 9. Materias con maior taxa de rendemento no Grao en Xeografía e Historia

| Plan O02G251V01 | | | |
|---|---|---|---|
| **Materia con menor taxa de rendemento** | Curso 2015/2016 | Curso 2016/2017 | Curso 2017/2018 |
| G251105 Historia de América precolombina e colonial | **40%** | | |
| G251201 Xeografía: Fundamentos da xeografía humana | | **32%** | |
| G251105 Historia de América Precolombina e Colonial | | | **46%** |
| G251 Historia Moderna Universal | | | **42%** |
| G251991 Traballo de Fin de Grao | | | **35%** |

Táboa 10. Materias con menor taxa de rendemento no Grao en Xeografía e Historia

Respecto á problemática que presenta a materia do TFG xa fixemos a análise da situación no criterio anterior.

Na taxa de gradación (gráfico 12), o resultado coincide coa meta planificada (45%). Se ben esta é baixa e temos como obxectivo superala, demostra que calculamos a meta dun xeito realista e con coñecemento das nosas posibilidades. Na evolución da taxa, maniféstase unha lixeira tendencia á alza, que sen dúbida se debe mellorar, xa que mantemos a viabilidade de cursar este grao nos catro anos planificados se o alumnado cumpre coa carga de traballo asignado a cada materia.




Gráfico 12. Taxa de gradación no Grao en Xeografía e Historia

Así mesmo, a gráfica 14 correspóndese coa taxa de abandono




Gráfico 14. Taxa de abandono no Grao en Xeografía e Historia

Neste caso o resultado acadado valorámolo como moi negativo e, a pesar de que tratamos de axustar a meta proposta elevándoa a un 20% (o dobre da meta proposta para o 2016/2017), aínda estamos moi lonxe de alcanzala, xa que o resultado empeora en 2 unidades o acadado no curso 2016/2017. Precisamos determinar as causas do abandono e para elo, dende o decanato planificamos unha enquisa dirixida ao estudantado da cohorte 2015/2016, que non se matriculou de ningunha

materia en dous anos consecutivos. A hipótese que manexamos o curso pasado de que podería obedecer a incertidume que implica a implantación dun plan novo temos que desbotala, xa que non pensamos que poda manterse como causa durante dous cursos seguidos. Como hipótese pensamos que a opción da modalidade semipresencial, que en moitos casos é elixida por profesionais asentados, poden decidir que a combinación dos estudos co traballo, na práctica supera o tempo previsible.

A continuación pasamos a analizar os resultados globais das enquisas de satisfacción que, no caso do alumnado, se dirixen aos de 3º curso. Hai un feito interesante a destacar previamente, como é a coincidencia de dous planos de estudo, o que implica que teñamos establecidos dos grupos diferenciados (plan novo e plan vello), xa que na práctica non se establecen diferencias entre ambos, case todas as respostas son diverxentes entre o alumnado dun plan e de outro. Non é fácil atopar unha explicación a esta situación que ven sendo habitual. Por outra banda no curso 2017/2018 non dispoñemos resultados de enquisas nin do sector PDI, nin do PAS. En ámbolos dous casos as enquisas son de carácter bianual, sen embargo no curso pasado non se realizaron no sector do PAS. Xunto coas mencionadas do alumnado contamos cos resultados das persoas tituladas.
Comezamos pola análise do índice de participación nas enquisas de satisfacción, que se pode observar no gráfico 15:




Gráfico 15. Participación do alumnado nas enquisas de satisfacción do Grao en Xeografía e Historia.

Tal e como se poder observar na táboa, o índice de participación é cada curso máis elevado. Dende o decanato e a coordinación de Calidade realízanse tarefas de difusión, co obxectivo de divulgar a súa importancia e dos seus resultados, que serán máis significativos a medida que a participación sexa máis elevada. No curso 2017/2018 a media entre os dous plans de estudo é de 77,5%, uns 7 puntos superior ao curso pasado e a máis elevada dos últimos tres cursos. A continuación, se inclúe unha gráfica cos resultados dos datos de satisfacción a nivel xenérico.




Gráfico 16. Evolución do alumnado nas enquisas de satisfacción do Grao en Xeografía e Historia

A media de satisfacción global para o curso 2017/2018 é de 3,1, sendo máis baixa a do plan novo e case coincidente coa do curso pasado neste mesmo plan. Esta media equivale a un aprobado alto, o que resulta positivo, aínda que non plenamente satisfactorio. Dado que a participación en ambos plans deste curso é similar, hai que resaltar que entre ambos grupos existe unha diferencia de 4 décimas, dato que resulta difícil de explicar polas mesmas condicións que ten todo o alumnado de 3º curso. Vexamos, a continuación, cales son os ítems mellor e peor valorados, aínda que algúns xa foron analizados nos criterios correspondentes. Á cor vermella correspóndese co plan de estudos a extinguir e a cor negra co vixente.

| | Curso | Participación | Satisfación xeral | Ítems mellor valorados | ítems peor valorados |
|---|---|---|---|---|---|
| Alumnado | 2017/ 2018 | 78%<br>77% | 3,30%<br>2,91% | -Horarios: 3,86<br>-Atención do PAS: 3,86<br>-Espazos de traballo autónomo e equipamento: 3,86<br>-Calendario probas avaliación: 3,71<br>-Accesibilidade da información na web: 3,67<br>-Atención do PAS: 3,81<br>-Calendario probas avaliación: 3,72<br>-Horarios: 3,47 | -Orientación académica recibida no PAT: 2,29<br>-Cantidade de prácticas realizadas: 2,43<br>-Capacidade aplicar habilidades e destrezas adquiridas: 2,83<br>-As aulas e o seu equipamento: 2,06<br>-Laboratorios, aulas de informática, obradoiros e espazos experimentais e o equipamento: 2,32<br>-Coordinación entre materias: 2,47 |
| | 2016/ 2017 | 65,00%<br>70,83% | 2,74<br>2,90 | -Información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e avaliación das aprendizaxes: 3,53<br>-Información pública sobre as competencias do plan de estudos: 3,52<br>-Calidade das probas de avaliación: 3,50<br>-Calidade da docencia na titulación: 3,45 | -Accións desenvolvidas ao PAT: 2,14<br><br>-Laboratorios, aulas de informática, obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento: 1,75 |
| | 2015/ 2016 | 74,55% | 3,33 | -Inf. sobre planificación e desenvolvemento do ensino: 3,87<br>-Recursos materias (fondos bibliográficos): 3,83 | -Orientación profesional e laboral: 2,93 |
| Persoal titulado | 2017/ 2018 | 11% | 4,06 | -Accesibilidade da información para as persoas tituladas: 5<br>-Utilidade da información para as persoas tituladas: 5<br>-Cualificación do PAS: 5 | -Actualización dos contidos: 2,5 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 2016/ 2017 | 32% | 3,99 | -Competencias, formación, información e orientación: 5,00<br>-Organización das materias: 5,00<br>-Adecuación do profesorado. 5,00<br>-Servizos (sec. de alumnado e biblioteca): 5,00<br>-Os resultados e a xestión da calidade: 5,00 | -Orientación profesional e laboral: 4,33 |

Nos cursos 2017/2018 e 2016/2017 detectamos certa coincidencia entre os ítems mellor valorados no plan vello, destacando o apartado de información pública e algúns aspectos do desenvolvemento docente, como horarios e calendario de avaliación. A maiores, no curso obxecto deste informe engádase unha boa puntuación para os espazos de traballo autónomo. A valoración positiva dos horarios e do calendario de avaliación é compartida no curso 2017/2018 polo alumnado do plan novo e o plan vello, quen engade unha boa puntuación para a atención do PAS. Tamén o colectivo de egresadas e egresados valoran, incluso con máis puntuación, a información pública, así como a atención prestada polo Persoal de Administración e Servizos.
No outro extremo, como aspectos peor valorados, se encontran os espazos, principalmente os dedicados á docencia, aspecto que xa analizamos no apartado de recursos materiais, e logo outra serie de ítems discordantes: orientación académica no PAT, prácticas das materias, capacidade de aplicar as habilidades adquiridas e a coordinación entre materias.
O segundo ítem menos valorado se refire ao PAT, neste caso hai unha coincidencia de opinión entre os cursos 2016/2017 e 2017/2018. O pasado curso houbo un cambio importante (pasouse dun/unha titor/a por estudante a un/unha titor/a por curso) non deu o resultado satisfactorio que se esperaba, non obstante, cremos que é preciso comprobar durante algúns cursos máis a evolución das mencionadas reformas antes de proceder a formular novos cambios. O sector do PDI opina maioritariamente que a nova distribución é axeitada e suficiente para este grao.
No anexo I inclúese a nova de prensa onde se indica que a valoración do grao en Xeografía e Historia polos egresados encóntrase entre os dez máis valorados da UVigo, é importante facer notar que o resto dos 9 títulos pertencen a mestrado.

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| • Taxa de abandono moi elevada | • Tratar de determinar as causas e a partir das mesmas determinar as melloras |

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**
E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

**Indicadores:**
I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
I12: Evolución dos indicadores de resultados
 Taxa de gradación
 Taxa de abandono
 Taxa de eficiencia
 Taxa de rendemento
 Taxa de éxito
 Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar empreso
I010-DO: Duración media dos estudos

# Seguimento da titulación: Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

## CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

**Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.**

O desenvolvemento do plan de estudos non se realizou conforme á memoria verificada, porque nese momento estaba en trámite o proceso de verificación dunha nova. Este incidente, que pode cualificarse de grave, foi posto en coñecemento da Comisión asignada para o proceso de acreditación do mestrado no curso 2017/2018, e o resultado foi de Conforme.

**Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:**

A raíz da decisión tomada pola Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Pontevedra, a finais do curso 2015/2016, de non impartir máis a docencia que tiña asignada neste título, en concreto o módulo 3º, durante os dous cursos seguintes, a oferta formativa non cumpriu estritamente co contido que figuraba na Memoria verificada, xa que se ofertou un único itinerario. É preciso deixar constancia que unha vez identificado o problema a nova coordinación do mestrado e a nova Comisión Académica comezaron os trámites para resolver de xeito eficaz esta anomalía e outras derivadas da mesma, como por exemplo a avaliación das materias extinguidas. Durante os cursos 2016/2017 e 2017/2018 desenvolveuse todo o proceso de remodelación da nova Memoria, que foi verificada en marzo de 2018. A pesar da comentada incidencia, non se viu afectada a demanda do título, que como pode apreciarse na gráfica 17, a matrícula mantívose en 20 estudantes, número mínimo que a Xunta esixe para os mestrados. O resto das materias seguiron estritamente as pautas da Memoria.



Gráfico 17. Estudantes de primeira matrícula no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

No curso actual (2018/2019) a oferta do plan de estudos xa é plenamente coincidente coa Memoria.

A seguinte táboa refírese ao perfil do alumnado matriculado:

| 2017/2018 | Modalidade Ingreso | Estudo Acceso | Nº | % |
|---|---|---|---|---|
| | Licenciatura | Dereito | 1 | 5,00% |
| | | Antropoloxía Social e Cultural | 1 | 5,00% |
| | | Filosofía | 1 | 5,00% |
| | | Historia | 2 | 10,00% |
| | | Historia da Arte | 2 | 10,00% |
| | | Xeografía e Historia | 1 | 5,00% |
| | Arquitectura | Arquitectura | 1 | 5,00% |
| | Outros títulos académicos superiores | Música | 1 | 5,00% |
| | | Conservación e Restauración de Bens Culturais | 1 | 5,00% |
| | Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros | Estudos realizados no estranxeiro | 3 | 15,00% |
| | Graduados Superiores | Xeografía e Historia | 3 | 15,00% |
| | | Historia da Arte | 1 | 5,00% |
| | | Enxeñaría en Organización Industrial | 1 | 5,00% |
| | | Arqueoloxía | 1 | 5,00% |
| | **Total** | | **20** | **100%** |

Táboa 11. Perfil do alumnado matriculado no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Ao igual que no curso anterior, o número de mulleres segue a ser superior ao de homes. Tamén a formación previa é moi variada, concordando coa multidisciplinariedade característica deste título. O 65% proceden da rama humanística, recuperando a dinámica de hai dous cursos, sendo a formación en Historia da Arte, Historia e Xeografía a máis predominante; o 15% amosan un perfil técnico; o 15% accede por estudos realizados no estranxeiro, sen que se especifique a súa formación, e o 5% restante procede da rama do Dereito.

En canto á procedencia xeográfica presentamos o seguinte gráfico:




Gráfico 18. Lugar de procedencia do alumnado matriculado no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Deste gráfico podemos concluír que segue predominando a orixe vinculada á comunidade autónoma de Galicia cun 65%, especialmente da provincia de Ourense (30%), seguido de Pontevedra (20%); outro 20% procede de distintos lugares de España (Barcelona, Oviedo e Baleares) e o 15 % restante de países estranxeiros (Italia, Francia, Perú, Brasil e Arxentina). Destes datos podemos deducir que se ben a modalidade semipresencial permite cursar este título a persoas de fóra da Comunidade Autónoma, a orixe xeográfica foránea non é a predominante.

A seguinte táboa recolle a nota media de acceso, diferenciando por muller e home, e o total:

| Curso | | Nota media Home | Nota media Muller | Nota media total |
|---|---|---|---|---|
| 2017/2018 | Licenciatura en Dereito | | 7,000 | **7,000** |
| | Licenciatura en Antropoloxía Social e Cultural | | 6,100 | **6,100** |
| | Licenciatura en Filosofía | | 6,650 | **6,650** |
| | Licenciatura en Historia | 6,510 | 7,287 | **6,899** |
| | Licenciatura en Historia da Arte | 1,912 | | **1,912** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Licenciatura en Xeografía e Historia | 6,260 | | **6,260** |
| | | Licenciatura en Arquitectura | | | **0,000** |
| | | Titulación Superior en Música | | | **0,000** |
| | | Titulación Superior en Conservación e Restauración de Bens Culturais | | | **0,000** |
| | | Estudos realizados no estranxeiro | | 8,003 | **8,003** |
| | | Grao en Xeografía e Historia | 8,528 | 7,010 | **7,769** |
| | | Grao en Historia da Arte | | 9,100 | **9,100** |
| | | Grao en Enxeñaría en Organización Industrial | | 6,575 | **6,575** |
| | | Grao en Arqueoloxía | | 8,240 | **8,240** |

Táboa 12. Nota de acceso ao Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Como se pon de manifesto, os datos que proporciona a Unidade de Estudos e Programas da UVigo sobre a nota media de acceso non permiten realizar unha valoración rigorosa, xa que hai variación na base sobre a cal está establecida, algúns en base 10, outros en base 4 e outros non figura. O cálculo en base 10 (marcado en amarelo na táboa seguinte), que é o máis abundante, alcanza unha media de 7,2, un punto máis que no curso pasado.

Os resultados das enquisas de satisfacción respecto ao apartado de "organización e desenvolvemento" resultan satisfactorios, a media entre as 6 preguntas referidas a este criterio é de 3,8.

| Curso | a. Estudantes saíntes | b. Estudantes entrantes | c. Total (a+b) | d. Estudantes matriculados | % de c. sobre d. |
|---|---|---|---|---|---|
| 2015/2016 | 0 | 0 | 0 | 34 | 0,00% |
| 2016/2017 | 1 | 0 | 1 | 35 | 2,86% |
| 2017/2018 | 1 | 0 | 1 | 37 | 2,70% |
| **TOTAL** | **2** | **0** | **2** | **106** | **1,89%** |

Táboa 13. Alumnado participante en programas de mobilidade internacional no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

No relativo á mobilidade (táboa 13), tan só un estudante participou nas convocatorias competitivas, reproducindo a situación do pasado curso. Probablemente a causa da escasa participación relaciónase con dous aspectos: o primeiro é que en moitos casos o alumnado xa está incorporado ao mercado laboral e, en segundo lugar, a propia duración dun ano do mestrado, fai máis inviable compatibilizalo cos estudos no estranxeiro.

Respecto ao recoñecemento de créditos, todas as solicitudes relaciónanse coa materia de Prácticas Externas, circunstancia que ven dada pola situación comentada de que están desenvolvendo unha actividade profesional.

| Puntos débiles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|
| • A oferta formativa non coincide estritamente coa Memoria | • Remodelación da Memoria |

**Evidencias nas que basea a valoración:**

E1: Memoria vixente do título
E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)
E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

**Indicadores nos que se basea a valoración:**

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición
I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia
I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)
I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
I01-AC: Nota media de acceso
I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
I02-AC: Ocupación
I03-AC: Preferencia
I03(2)-AC: Adecuación

# CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.**
A información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo.

| |
|---|
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br>Xunto á información que a Facultade de Historia ofrece sobre o Centro, en xeral, e o mestrado en particular (http://historia.uvigo.es/es/titulaciones/master-htco3), o título conta cunha páxina web propia, que pode ser consultada no seguinte enlace: http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/. Un obxectivo prioritario da coordinación é manter a información constantemente actualizada. Para unha maior efectividade, para o mantemento desta web, está contratada a mesma empresa á que aludimos en referencia á páxina web do Centro.<br>A preocupación e interese por este criterio manifestase no Sistema de Calidade da facultade de Historia a través do Plan Operativo de Información Pública, que se actualiza periodicamente, tanto no referido ao grao como ao mestrado. A última actualización pode consultarse na web do Centro no seguinte enlace:<br>http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0301_P1_2017.pdf. Este procedemento, que cada curso actualizamos coa validación da Comisión de Calidade e a aprobación da Xunta de Facultade, eríxese como unha garantía deste criterio de información e transparencia, cumprindo os requisitos establecidos polo programa de Calidade do centro, da UVigo e da ACSUG.<br>Outro medio de referencia para a información e intercambio é o Espazo de Coordinación, incluído na plataforma FaiTic da UVigo, na que, a modo dunha materia máis, se integra todo o profesorado e alumnado do título. Neste plataforma recóllese tamén información sobre aspectos particulares, moitas veces a través de gravacións, que poden ser visualizadas no momento en que o alumnado o considere preciso. Así por exemplo, aspectos como a sesión de acollida ou o proceso de desenvolvemento de determinadas materias con casuísticas específicas, como as Prácticas Externas ou o Traballo de Fin de Mestrado, son gravadas polo coordinador do mestrado, e polas coordinacións de cada unha desas materias. Este recurso de gravación está en consonancia coa modalidade semipresencial, que na práctica fai que este título poda ser cursado *on line*. No apartado de recursos materiais farase referencia aos medios utilizados para elo.<br>Os resultados das enquisas de satisfacción, con valores sempre sobre 5, son satisfactorios, especialmente nos aspectos referidos á información da páxina web do título, que alcanza a cualificación de 4. Sen embargo, o resultado referido a "outros soportes" é de 3,54, que aínda que equivale a un notable, é un aspecto fundamental por tratarse dunha modalidade semipresencial, onde recursos como a plataforma de teledocencia son imprescindibles. O ítem peor valorado, que supera en poucas décimas o aprobado, é o referido á información sobre actividades extra-curriculares cun 2,77. Aínda que estas actividades non están xeradas directamente polo centro, considérase que debe considerarse entre os puntos febles detectados. |

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| • Información sobre actividades extracurriculares | • Incrementar a información na páxina web do título sobre as actividades extra-académicas<br>• Crear unha lista de estudantes do mestrado para enviar información sobre este tema |

| |
|---|
| **Evidencias nas que se baseou a valoración:**<br>E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)<br>R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública<br>QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública |
| **Indicadores nos que se baseou a valoración:**<br>I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública. |

# CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

| **Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.**<br>Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título. | |
|---|---|
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:**<br>**Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:**<br>Como o Sistema de Calidade é unha cuestión que depende directamente do Centro, remitimos para este apartado ao contido do Criterio 3 que se desenvolveu en relación co grao para os aspectos xenéricos.<br>Como temas de relevancia específicos é preciso indicar que no curso 2017/2018 o título de mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio foi acreditado pola Comisión Avaliadora correspondente cun informe final favorable que pode ser consultado no seguinte enlace web:<br>http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/acreditacion/IFARA_mhtco3_2018.pdf<br>No momento da acreditación a situación resultaba un tanto singular, xa que, por unha banda, se estaba acreditando un título próximo a extinguirse (de feito había uns meses que se recibira a notificación da verificación da Memoria remodelada) e, por outra, debido á problemática descrita, o título que estaba en proceso de acreditación, non estaba cumprindo co estipulado na Memoria vixente e un dos módulos non se ofertaba.<br>A pesar destes inconvintes, a Comisión foi consciente dos esforzos realizados para afrontar a problemática e a cualificación obtida en todos criterios foi B (favorable).<br>A opinión do alumnado nas enquisas de satisfacción respecto a implementación da Calidade resulta bastante satisfactoria con un 3,5 sobre 5. | |
| **Puntos febles detectados:**<br>• | **Accións de mellora a implantar:**<br>• |
| **Evidencias nas que se baseou a valoración:**<br>E5: Actas das reunión celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade<br>E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)<br>E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)<br>E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC<br>EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso) | |
| **Indicadores nos que se baseou a valoración:**<br>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade<br>**I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro** | |

# CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

| **Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.** |
|---|
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br>A información máis salientable relacionada co PDI, actualizada permanentemente (perfil investigador, materias que imparte, contacto, despacho e horas de titorías) pode ser consultada na web do mestrado, no seguinte link: http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado.<br>O profesorado que participa conta coa cualificación esixida para impartir a docencia asignada e prestar a atención debida ao alumnado. Ao tratarse dun título multidisciplinar, o persoal académico está formado tamén por docentes e investigadoras/es de outras universidades do SUG, así como profesionais especializadas/os con experiencia nos respectivos campos. Durante |

| |
|---|
| o curso 2017/2018 participaron un total de 26 docentes –dos cales 11 eran externos-. A Universidade de Vigo establece o orzamento dos mestrados en función do número de alumnas/os, unha proporción importante do mesmo emprégase na contratación de profesorado externo a quen se lle abonan as horas de docencia impartidas. Tanto o profesorado interno como externo son docentes e investigadoras/es que nun 84% son doutores/as). Tendo en conta que polas circunstancias profesionais de algúns deles, non poden acceder á solicitude de sexenios, a porcentaxe de sexenios acadados dun 70% parécenos satisfactoria.<br>Dado que este título está adscrito á Facultade de Historia, a maior parte do Persoal de Administración e Servizos é compartido, salvo a Área Académica de Mestrado e Doutoramento que se creou a partir da reforma da RPT do curso pasado e que está integrada por tres persoas. Como o seu nome indica, dedícase exclusivamente a ambas áreas. Durante o curso 2017/2018 esta área de nova creación atravesou un proceso de adaptación, pero esta circunstancia non influíu na boa consideración que o alumnado emite en xenérico sobre o PAS nas enquisas de satisfacción cun resultado de 3,75. |

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| • | • |

| |
|---|
| **Evidencias nas que se baseou valoración:**<br>E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve<br>E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)<br>R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA) |
| **Indicadores nos que se baseou a valoración:**<br>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI<br>I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas<br>I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.<br>I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución<br>I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos<br>I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)<br>I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)<br>I02-PE: Cualificación do PDI<br>I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)<br>I03(2)-PE: Profesorado por categoría |

# CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

| |
|---|
| **Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.** Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br>Como o mestrado en Valoración, Xestión e Restauración do Patrimonio Cultural está adscrito á Facultade de Historia, o alumnado dispón de todos os recursos do centro. Sen embargo, como a docencia é de carácter semipresencial, non se requiren certos espazos convencionais, como aulas, xa que as sesións impártense a través de videoconferencia, ou multivideoconferencia, a través da plataforma e-Meeting. Para utilizar este servicio resulta imprescindible o apoio dos servizos centrais da UVigo-TV. Os principais recursos materias que se precisan son equipos informáticos dotados de cámara web e auriculares con micro integrado. O centro provee dos mesmos ao profesorado.<br>Xunto coas gravacións, a maior parte do desenvolvemento da docencia realízase a través da plataforma FaiTic onde se inclúen todas as materias do programa formativo e os recursos necesarios para alcanzar con éxito as competencias. A singularidade a destacar, que deriva da modalidade semipresencial, é que na plataforma tamén se suben as sesións gravadas. Para esta dinámica, resulta fundamental a mencionada ferramenta subministrada polo Campus do Mar da UVigo, e-Meeting, que dota a cada materia de unha sala virtual, con un fácil acceso e moita operatividade.<br>As instalacións onde se realizan as Prácticas Externas dependen das institucións ou empresas coas que se asinan convenios e reúnen as condicións necesarias para o seu desenvolvemento.<br>En relación coa satisfacción do alumnado con este aspecto en concreto, observamos que fronte á tendencia ascendente que se viña rexistrando ata alcanzar no curso 2016/2017 o 4,75, no curso 2017/2018 descende ata o 3,85, que se ben é un resultado bastante satisfactorio, perde case un punto. Os resultados deste curso 2018/2019 serán importantes para constatar se se trata dunha tendencia ou dun caso illado. O coordinador do PAT do título tamén fai referencia no seu informe (http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0203_P1_mhtco3_2017-18.pdf) a que nese curso en concreto houbo máis problemas de tipo técnico. O resto dos ítems referidos aos recursos materiais, están ben valorados, o que indica que a pesar da modalidade de matrícula, desfrutan dos espazos do Centro. Entre todos os aspectos deste criterio o máis valorado é o dos espazos de traballo autónomo cun 4,14. |

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| • Descenso da satisfacción da plataforma teledocencia e ferramentas multimedia | • Comprobar se as incidencias na plataforma e e-Meeting tiñan un carácter puntual o se manteñen no tempo |

| |
|---|
| **Evidencias nas que se baseou a valoración:**<br>E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título<br>E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT<br>E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.<br>E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título<br>E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia<br>E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas |
| **Indicadores nos que se baseou a valoración:**<br>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos<br>I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas<br>I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.<br>I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) |

# CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.**

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**
Comezamos a reflexión deste criterio co análise da táboa 14 que inclúe os datos sobre as taxas de éxito, rendemento e avaliación por materia.

| Materia | Éxito | Rendemento | Avaliación |
|---|---|---|---|
| M143101 Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural | 100% | 95% | 95% |
| M143102 Valor e Significado do Patrimonio Cultural | 100% | 95% | 95% |
| M143103 Protección Xurídica do Patrimonio Cultural | 95% | 82% | 86% |
| M143104 Figuras de Intervención e Xestión de Proxectos | 100% | 74% | 74% |
| M143105 Novos Modos de Xestión e Protección do Patrimonio Cultural | 87% | 57% | 65% |
| M143106 Catalogación e Risco | 100% | 77% | 77% |
| M143107 Técnicas de Representación CAD do Patrimonio | 95% | 83% | 87% |
| M143108 Tecnoloxías SIG para o Inventario do Patrimonio Cultural | 94% | 63% | 67% |
| M143109 Técnicas de Documentación Cartográfica 2D e 3D do Patrimonio Cultural | 100% | 58% | 58% |
| M143207 Caracterización e Documentación Histórico-Artística | 100% | 56% | 56% |
| M143208 Territorios e Paisaxe Cultural | 100% | 73% | 73% |
| M143209 Historia, Memoria, Identidade e Patrimonio Cultural | 100% | 64% | 64% |
| M143210 Difusión e Socialización do Patrimonio Cultural | 100% | 75% | 75% |
| M143211 Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos | 100% | 75% | 75% |
| M143212 Patrimonio Arquitectónico, Territorio e Paisaxe Urbana | 92% | 63% | 68% |
| M143213 Prácticas | 100% | 77% | 77% |
| M143214 Traballo Fin de Mestrado | 100% | 53% | 53% |
| M143110 Técnicas de Prospección do Subsolo Superficial | 93% | 54% | 58% |

Táboa 14. Taxa de éxito, rendemento e avaliación de materias do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

A seguinte táboa recolle a evolución da taxa de rendemento por grupos de porcentaxes nos últimos tres cursos, permitindo establecer unha comparativa.

| Taxa de rendemento | Curso 2015/2016 | Curso 2016/2017 | Curso 2017/2018 |
|---|---|---|---|
| 100% | 3 | 0 | 0 |
| 99% ao 90% | 6 | 0 | 2 |
| 89% ao 80% | 9 | 3 | 2 |
| 79% ao 70% | 2 | 13 | 6 |
| 69% ao 60% | 2 | 1 | 3 |
| 59% ao 50% | 2 | 0 | 5 |
| Inferior ao 50% | 0 | 1 | 0 |

Táboa 15. Rendemento de materias do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

A taxa media de rendemento de todas as materias (gráfica 19) sitúase nun 91% (11 décimas máis que o curso pasado), un resultado satisfactorio. Ningunha das materias alcanza o 100%, o que quere dicir que en ningunha materia se presenta todo o alumnado

matriculado. O 55% das materias acadan entre o 70 e o 95% e o 44,4% se sitúan entre o 50 e o 70%. Consideramos satisfactorio que non se rexistre ningunha materia por baixo do 50%. A taxa de rendemento máis baixa é do 53% e se refire ao Traballo de Fin de Mestrado, cuxas características comentaremos a continuación. A diferencia do curso pasado os resultados están máis repartidos, ampliándose a proporción que vai entre o 50 e o 59%.




Gráfico 19 . Taxa de rendemento do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Na seguinte táboa 16 se reflicten as materias con maior taxa de rendemento:

| **Materia con maior taxa de rendemento** | Curso 2015/2016 | Curso 2016/2017 | Curso 2017/2018 |
|---|---|---|---|
| M143101 Concepto e categorías do patrimonio cultural | **100%** | | |
| M143102 Valor e significado do patrimonio cultural | | | |
| M143206 Tratamento de estruturas | | | |
| M143212 Patrimonio arquitectónico, territorio e paisaxe urbana | | **86%** | |
| M143101 Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural | | | **95%** |
| M143102 Valor e Significado do Patrimonio Cultural | | | |

Táboa 16. Materias con maior taxa de rendemento no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Xa comentamos que a taxa de rendemento máis elevada é de 95%, se ben non se repite o 100% do 2015/2016, podemos afirmar que o 95% é aceptable, superando en case dez puntos a máis elevada do curso pasado que se situaba no 86%. Outro dato que consideramos positivo é que nos tres últimos cursos non se repiten as materias das taxas máis elevadas, circunstancia que só pode explicarse en función do esforzo do alumnado.
A seguinte táboa recolle a evolución nos últimos tres cursos das materias con menor taxa de rendemento:

| Materia con menor taxa de rendemento | Curso 2015/2016 | Curso 2016/2017 | Curso 2017/2018 |
|---|---|---|---|
| M143214 Traballo Fin de Máster | 55% | | |
| M143208 Territorios e Paisaxe Cultural | 57% | | |
| M143214 Traballo Fin de Máster | | 41% | |
| M143105 Novos Modos de Xestión e Protección do Patrimonio Cultural | | 67% | |
| M143214 Traballo Fin de Máster | | | 53% |
| M143110 Técnicas de Prospección do Subsolo Superficial | | | 54% |

Táboa 17. Materias con menor taxa de rendemento no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

O primeiro que hai que resaltar é a coincidencia nos tres cursos de que a materia que presenta unha menor taxa de rendemento é o TFM; de feito neste curso sube 11 puntos con respecto ao anterior, dato que valoramos positivamente. O resto das materias non coinciden ao longo dos cursos o que consideramos outro índice favorable.

Na seguinte táboa recóllese unha evolución dos tres últimos anos sobre a casuística concreta da materia Traballo de Fin de Mestrado.

| CURSO ACADÉMICO | TFM MATRICULADOS | TFM DEFENDIDOS | |
|---|---|---|---|
| | Nº | Nº | % |
| 2015/2016 | 31 | 17 | 54,83 |
| 2016/2017 | 32 | 13 | 40,62 |
| 2017/2018 | 36 | 19 | 52,78 |
| Totais | 99 | 49 | 49,49 |

Táboa 18. Relación de TFM matriculados e defendidos no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Sen dúbida, o número de TFM defendidos mantense ao longo dos cursos, se ben é certo que no curso 2017/2018 a porcentaxe subiu considerablemente pasando dun 40,62 a un 50%. A pesar de elo, os valores continúan sendo baixos. É evidente que en parte se debe a normativa da UVigo que obriga a que esta materia se curse unha vez que o resto estean superadas. Tamén o perfil do alumnado, que en ocasións combina cursar o título coa súa vida profesional, pode ser outra razón deste freo. É evidente que esta materia, na que se desenvolven as competencias aprendidas, require unha importante tarefa en solitario e depende, máis co resto, especificamente do alumnado e das pautas que este se impoña para a súa elaboración.

| CURSO ACADÉMICO | CUALIFICACIÓNS | | | | TFM TOTAIS |
|---|---|---|---|---|---|
| | MH | Sobresaínte | Notable | Aprobado | |
| 2015/2016 | 0 | 2 | 12 | 3 | 17 |
| 2016/2017 | 0 | 2 | 7 | 4 | 13 |
| 2017/2018 | 2 | 3 | 9 | 5 | 19 |
| **Total** | | | | | **49** |

Táboa 19. Cualificacións do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

| |
|---|
| En relación coas cualificacións, nesta táboa pode apreciarse que nos tres cursos a más frecuente é o notable. No curso 2017/2018 destaca que se outorgaron dúas (o máximo posible) matrículas de honra, circunstancia que se valora positivamente. |

| | |
|---|---|
| **Puntos febles detectados:**<br>• Número de TFM defendidos non demasiado satisfactorio | **Accións de mellora a implantar:**<br>• Tratar de determinar as causas e a partir das mesmas analizar se é posible a implementación de melloras |
| **Evidencias nas que se se baseou la valoración:**<br>E4: Guías docentes das materias<br>E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor/a e cualificación)<br>E25/: Informes de cualificación por materia<br>EA11: Informes de prácticas | |
| **Indicadores nos que se baseou a valoración:**<br>I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción<br>I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia) | |

# CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

| |
|---|
| **Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.** |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br>No apartado anterior analizamos a taxa de rendemento, de forma global e pormenorizada por materias, a continuación se inclúe unha gráfica que recolle a evolución da taxa de éxito nos últimos tres cursos. |




Gráfico 20. Taxa de éxito do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

A partir da gráfico podemos determinar a boa marcha deste ítem que supera incluso a meta proposta nos obxectivos de Calidade que situabamos no 95%, superándoa en tres puntos. Outro aspecto a destacar é a constancia dos resultados, aspecto que tamén resulta satisfactorio. Da táboa 15 que se incluíu no criterio anterior extraemos que o 66% das materias alcanza unha taxa do 100%, e o resto se sitúan entre o 95% e o 87%, sendo este último o valor máis baixo. Esta circunstancia incide na baixa taxa de avaliación, tal e como se manifesta no seguinte gráfico:




Gráfico 21. Taxa de avaliación do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Aínda que non se recolle na meta un obxectivo relacionado coa taxa de avaliación, a todas luces os resultados obtidos non resultan satisfactorios. Aínda que é positivo que esta non tivese descendido con respecto ao curso pasado, os resultados manifestan que só un 68% do alumnado preséntase a nivel global ás probas de cualificación. Esta circunstancia moi probablemente estea relacionada, non coa dificultade das materias, senón coas condicións do alumnado, xa comentamos que en moitos casos están desenvolvendo unha actividade profesional. A materia que presenta índices máis baixos, como xa comentamos, é o TFM cun 53% e en ningunha das materias preséntase o 100% do alumnado matriculado, sendo a máis elevada o 95%, cifra que só alcanza o 11,1% das materias. O grupo máis elevado, o 61% encóntrase entre 65 e o 86%, e o 27,7% están entre o 53 e o 64%. Se como pensamos esta circunstancia relaciónase coa súa vida profesional, a capacidade de actuación da coordinación do título ou do Centro é practicamente inexistente.

Na gráfica seguinte móstrase a evolución dos resultados da taxa da gradación nos tres últimos cursos:




Gráfico 22. Taxa de gradación no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Coa taxa de avaliación que acabamos de analizar, os resultados da taxa de gradación non poden acadar cifras elevadas. Así, aínda que superamos en 10 puntos o 50% que fixamos como obxectivo de Calidade ao alcanzar unha taxa de 60%, o resultado e só medianamente satisfactorio. Non imos insistir na causa que asociamos que xa acabamos de comentar, así como no escaso número de TFM defendidos que tamén analizamos no epígrafe correspondente.
Pola contra, un dato moi positivo é que a taxa de abandono do curso 2017/2018 foi de 0, descendendo en 4 puntos en relación co curso anterior.
Así mesmo, os aspectos relativos a taxa de rendemento/eficiencia xa foron analizados no criterio anterior.
A continuación farase referencia aos resultados de satisfacción global, comezando polo índice de satisfacción, aspecto que se recolle no seguinte gráfico:




Gráfico 23. Participación do alumnado nas enquisas de satisfacción do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Aínda que o índice non resulta satisfactorio, alcanzando tan só o 38%, encontramos o aspecto positivo de que superou en case 16 puntos o resultado do curso 2016/2017. Neste senso os esforzos da coordinación do título e de Calidade deron os seus froitos, sendo moito máis complicado transmitir a importancia da participación nesta enquisa nunha modalidade semipresencial, na que non se ten o contacto directo co alumnado.
A continuación, inclúese a gráfica correspondente ao grao global de satisfacción.




Gráfico 24. Evolución do alumnado nas enquisas de satisfación do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Os resultados son bastante satisfactorios en dúas direccións: por unha banda observamos que existe certa uniformidade na puntuación, aspecto que indica unha certa coherencia na opinión do alumnado. Por outra banda rexístrase unha tendencia á alza, lixeiramente máis acusada no curso 2017/2018 con case medio punto.
Na táboa seguinte rexístrase un resumo dos aspectos máis significativos das enquisas de satisfacción con carácter evolutivo, reflectindo os tres últimos cursos:

| | Curso | Participación | Satisfación xeral | Ítems mellor valorados | Ítems peor valorados |
|---|---|---|---|---|---|
| Alumnado | 2017/ 2018 | 38% | 3,80 | -Capacidade para aplicar as habilidades e destrezas: 4,29<br>-Formación adquirida: 4,21<br>-Espazos de traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...) e o seu equipamento: 4,14 | -Información sobre actividades extracurriculares: 2,77<br>-Horarios: 3,50<br>-Canles de participación na mellora da titulación: 3,50<br>-Utilidade da información: 3,54 |
| | 2016/ 2017 | 22,14% | 3,37 | -Plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 4,35<br>-Calidade da docencia na titulación: 4,25 | -Proporción entre as clases teóricas e as practicas: 2,20 |
| | 2015/ 2016 | 41,00% | 3,34 | -Inf. Dispoñible sobre las competencias do título: 4 | -Orientación temporal de materias: 2,71 |
| Persoas tituladas | 2017/ 2018 | 36 | 3,84 | -Programas mobilidade: 5,00<br>-Recursos tecnolóxicos: 4,60<br>-Cualificación do profesorado: 4,40 | -Orientación profesional e laboral: 2,60<br>-Utilidade prácticas académicas externas: 3,00<br>-Orientación académica para continuar os estudos: 3,40<br>-Utilidade da formación para a carreira profesional: 3,40 |
| | 2016/ 2017 | 53% | 3,85 | -As competencias do plano de estudos, a actualidade da formación: 3,00<br>-A organización temporal das materias, a metodoloxía do ensino: 3,00<br>-A adecuación do profesorado: 3,00 | -A estancia na Universidade de Vigo no transcurso da titulación: 0,00 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | -As infraestruturas, os servizos: 3,00<br>-A adecuación da formación: 3,00 | |

Respecto aos ítems máis valorados, nos cursos que contemplamos non existe nin un só aspecto coincidente, sendo os máis destacados no curso que estamos analizando aspectos relacionados coa planificación e desenvolvemento e cos recursos materiais relativos aos espazos, confirmando este último que o alumnado, a pesar da súa condición de semipresencial, fai uso dos espazos relacionados co Centro. Tampouco atopamos ningunha coincidencia nos ítems que acadaron menor puntuación e algúns dos que seleccionaron no curso a analizar resultan sorprendentes, como por exemplo o tema dos horarios. Se ben é certo que hai estipulados uns horarios, xa comentamos o recurso da gravación e o seu acceso á plataforma de teledocencia, aspecto que é obrigatorio para todas as materias. Daquela, cando o alumnado non pode coincidir co momento asignado no horario, pode acceder a ese mesmo contido no momento que considere. En calquera caso, este ítem, aínda que menos valorado en relación co conxunto, acada unha puntuación satisfactoria, xa que alcanza o 3,50 ao igual que a das canles de participación da mellora da titulación que acada a mesma puntuación e que tampouco resulta comprensible, xa que o titor do título convoca ao alumnado un par de veces ao ano para que lle comuniquen directamente a súa opinión, ademais do recurso da UVigo, facilmente accesible, de queixas, parabéns e suxestións, que nunca foi utilizado por ningunha persoa relacionada con este título.
Respecto ás Enquisas de Avaliación Docente, a diferencia dos cursos anteriores que non tiñamos datos porque non había establecidos os mecanismos para as modalidades semipresenciais, durante o curso 2017/2018 a Área de Calidade da UVigo puxo en marcha un proxecto piloto *on line* co obxectivo de solucionar este problema. A facultade de Historia incluíuse no mesmo tanto coa titulación de grao como coa de mestrado. De momento as respostas non foron moi abundantes e non hai un informe global, pero sen dúbida é importante que este proceso estea xa iniciado, especialmente para o mestrado, xa que esta modalidade é a única posible.

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| • Taxa de gradación mellorable<br>• Escasa participación nas enquisas de satisfacción | • Determinar as causas e se é posible a partir das mesmas a implementación de melloras<br>• Difundir a importancia de participar nas enquisas de satisfacción para obter información que permita a mellora do título |

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**
E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

**Indicadores:**
I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
I12: Evolución dos indicadores de resultados
 Taxa de gradación
 Taxa de abandono
 Taxa de eficiencia
 Taxa de rendemento
 Taxa de éxito

| |
|---|
|  Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)<br>I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso<br>I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar empreso<br>I010-DO: Duración media dos estudos |

# IV. MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS

## Modificacións na titulación : X

**Neste epígrafe deben incluirse tantas táboas como titulacións haxa adscritas no centro*

| Incluiranse as modificacións non sustanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle noe "Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado" de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación. |
|---|
| |

# IV. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

*Cada titulación debera incorporar un seguimento das acción de mellora que puxo en marcha no curso ou /cursos anteriores. A aplicación de xestión documental do SGC permite realizar un seguimento das mesmas*

| Accións de mellora * | Estado situación | Comentarios /observación |
|---|---|---|
| Subir a taxa de gradación do mestrado | Satisfactorio pero mellorable | |
| Subir a taxa de gradación do grao | Nada satisfactorio (diminuiu) | |
| Aplicación das recomendacións de mellora do proceso de certificación | Satisfactorio | |
| Baixa taxa de rendemento do TFM | Medianamente satisfactorio | |
| Incrementar as materias cunha taxa de rendemento do 100% no mestrado e no grao | Satisfactorio | |
| Incrementar as actividades de orientación laboral | Satisfactorio | |
| Mellorar a ergonomía dos asentos e instalar enchufes | En proceso | |
| Comprobar a efectividade da nova RPT | Satisfactorio | |
| Solicitar o aumento de plantilla do PDI a tempo completo | En proceso | |
| Analizar os motivos do descenso da satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino | Satisfactorio | Xa non se rexistra nas enquisas de satisfacción |
| Analizar as causas da elevada taxa de abandono | En proceso | |
| Analizar as causas da baixa taxa de gradación grao | En proceso | |
| Elaboración dun Plan Estratéxico | En proceso | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Elaboración dun Plan Estratéxico | Ausencia de Plan Estratéxico do centro | Elaboración dun Plan Estratéxico | Redacción dun borrador, debate e validación na Comisión de Calidade, aprobación Xunta de Centro | 30/12/18 | Propios do centro | Coordinación de calidade | Equipo decanal | 15/1/19 | Procedemento de Planificación Estratéxica (DE-01 P1) |

# IV. LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS

**As accións de mellora que se recollen deben ser coherentes cos resultados acadados e a análise realizada nos epígrafes anteriores. Deben incorporarse toda a información relativa ás mesmas nos formularios de fichas que se teñen habilitado na aplicación de xestión documental do SGC. Poden achegarse as fichas cumprimentadas a través da mesma como anexo a este informe*

- Entrevistas co reitor e o vicerreitor de profesorado para ampliar a plantilla de profesorado fixo

-Aumentar a participación das enquisas de satisfacción, satisfactorio no grao, pero mellorable no mestrado

- Aumentar a participación das Enquisas de Avaliación Docente

- Acondicionamento das aulas de docencia (ergonomía dos asentos e instalación de enchufes)

-Atopar e acondicionar un espazo como sala de encontro para o profesorado

-Determinar as causas da taxa de abandono no grao e de ser posible implementar estratexias

-Determinar as causas da taxa de gradación no grao e no mestrado e de ser posible implementar estratexias

-Habilitar un espazo como sala do profesorado

-Valorar a efectividade das medidas de reforma do PAT

-Ampliar á información no mestrado das actividades extra-académicas

-Comprobar o correcto funcionamento das plataformas no mestrado

# V. CONCLUSIÓNS E ACORDOS

## I.1.Listaxe de asistentes á reunión de aprobación do informe final:

Susana Reboreda Morillo-Decana e coordinadora de Calidade. Presidenta
Josefina Cadilla Lomba. Representante do PAS. Secretaria da Comisión de Calidade
Beatriz Vaquero Díaz. Coordinadora do grao en Xeografía e Historia
Beatriz Comendador Rey. Coordinadora do mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade
María López Día. Representante de PDI
Antonio Presedo Garazo. Colaborador de Calidade. Representante do PDI
Yolanda Barriocanal López. Representante do PDI
Juan Manuel Galiña Lorenzo. Representante do alumnado de Grao
Iria Souto Castro. Representante de alumnado de 3º Ciclo.
Rosa María Díaz Naya: Membro da Sociedade. Directora da Biblioteca Municipal
Begoña Garrido Labrador. Egresada do Grao e do Mestrado. Membro da Sociedade. Empresaria

Tras analizar toda a información previa relacionada co funcionamento do sistema de garantía / xestión de calidade e importante concluir que:

| **Conclusións relevantes** | |
|---|---|
| 1. | Satisfacción porque no informe elaborado se recolle dun xeito diáfano a situación dos títulos do centro |
| 2. | O balance xeral é positivo, especialmente no referido a saída do plan de viabilidade da Xunta de Galicia |
| 3. | No Informe resulta evidente o traballo que realiza este centro e os seus membros (PDI, PAS e alumnado) |
| 4. | É moi importante que se implementen con éxito as EAD on line para o alumnado semipresencial |
| 5. | Na redacción deste informe, dun xeito consciente se eliminaron as referencias numéricas aos rexistros coa idea de facilitar a comprensión e eliminar aspectos superfluos que cargan o documento. |

Así mesmo acórdase:

| **Acordos** | |
|---|---|
| 1. | Continuar nesta liña de traballo na que se evidencia as vantaxes do Sistema |

| | |
|---|---|
| 2. | Continuar coa idea de que o Sistema reflexe a realidade do Centro |
| 3. | Determinar as causas da taxa de abandono no grao e as taxas de gradación en ambos títulos |
| 4. | Manter as liñas de traballo desta Comisión |

# VI. ANEXOS

- Anexo 1: Actividades extra-académicas e noticias de prensa da Facultade de Historia
- Anexo 2: Campaña de promoción do Grao en Xeografía e Historia

# Anexo 1: Actividades extra-académicas da Facultade de Historia e noticias de prensa relativas ao curso 2017/2018

Universidade Vigo

Facultade de Historia

Facultade de Historia
Universidade de Vigo

22 setembro 2017

# Territorios da Auga: Mondariz Balneario e río Tea



Dirixida aos alumnos de 3º e 4º do Grao en Xeografía e Historia
Xeografía Aplicada: Territorio e Paisaxe - Xeografía de Galicia

**Visita coordinada polos profesores**
**Elena de Uña e Miguel A. Álvarez**
**Prazas Limitadas**

**PROGRAMA**

- 9:00 h. Saída de Ourense

- Museo da Auga; - Vila termal de Mondariz Balneario; - Castro da Croa (Ponteareas)

20:00 h. Chegada a Ourense



**#Itinerario1**

#SaídasEstudo2017-18

Facultade de Historia
Universida de Vigo

# 29 Setembro 2017

## O PATRONATO ARTISTICO DA ORDE MILITAR DE SAN XOAN DE XERUSALEN NA ENCOMENDA DE BEADE



Dirixida aos alumnos de 4º do Grao en Xeografía e Historia

Materia: Historia da Arte de Galicia

**Visita coordinada pola profesora Yolanda Barriocanal López**

**PROGRAMA**

**29 Setembro**

- 10:00 h. Saída de Ourense (Edificio de Ferro)

14:00 h. Chegada a Ourense (Edificio de Ferro)



**#Itinerario 2**

#SaídasEstudo2017-18

Facultade de Historia
Universida de Vigo

# 29-30 setembro 2017

# Montañas de Trevinca

Dirixida aos alumnos de 2º do Grao en Xeografía e Historia
Xeografía: Espazos & Sociedades

**Vilanova de Trevinca-O Trisquel**
**Coordinación pola profesora Elena De Uña Álvarez**
**Prazas Limitadas**



**PROGRAMA**

**29 de setembro**

- 9:00 h. Saída de Ourense
- A Veiga-Cántara da Moura
- 14.000 h. Hora aproximada de chegada a Vilanova
- Actividade no entorno do Trisquel

**30 de setembro: Ascenso & Actividades**

22:00 Hora aproximada de chegada a Ourense



# #Itinerario 3

# #SaídasEstudo2017-18

Facultade de Historia
Universidade de Vigo



## SEMINARIO ABERTO

### PREHISTORIA DO NOROESTE DA PENÍNSULA IBÉRICA

### Dr. EDUARDO MÉNDEZ QUINTAS

# Mitos e realidades por volta do coñecemento da primeira presenza humana en Galicia

4 de outubro, Aula 2.3 Edificio de Ferro, 13 h

Facultade de Historia
Universidade de Vigo

# 6 de outubro 2017

# Cazadores Recolectores na Serra do Xistral

Dirixida aos alumnos de 4º do Grao en Xeografía e Historia
Prehistoria do Noroeste da Península Ibérica
Xeografia de Galicia



**PROGRAMA**

- 8.45 h. Saída de Ourense
- 11.30 h. Chegada ao punto de encontro na Serra do Xistral
- 12.00-15.00 h. Percorrido por un territorio "paleolítico"
- 17.00 h. Visita ao Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba
- 18.00 h. Regreso a Ourense



#Itinerario1

#SaidasEstudio2017-18

Facultade de Historia
Universidade Vigo

# 20 outubro 2017

# Baixo Miño: Medio Natural

Dirixida aos alumnos de 1º do Grao en Xeografía e Historia
Fundamentos de Xeografía Física



**Visita coordinada pola profesora Elena De Uña Álvarez & polo profesor Miguel Ángel Álvarez Vázquez**

**PROGRAMA**

- 10:00 h. Saída de Ourense
- Camposancos-A Guarda-Baiona
- 20.00 h. Hora aproximada de chegada a Ourense



## #Itinerario 5

## #SaídasEstudo2017-18

Facultade de Historia
Universida de Vigo

# 27 Outubro 2017

## O MECENADO ARTÍSTICO DO CARDEAL RODRIGO DE CASTRO NO COLEXIO DA COMPAÑIA DE MONFORTE

Dirixida aos alumnos de 3º do Grao en Xeografía e Historia

Materia: Historia da Arte Moderna



**Visita coordinada pola profesora Yolanda Barriocanal López**

**PROGRAMA**

**27 Outubro**

- 10:00 h. Saída de Ourense (Edificio de Ferro)

14:00 h. Chegada a Ourense (Edificio de Ferro)





**#Itinerario 6**

#SaídasEstudo2017-18

Facultade de Historia
Universidade de Vigo

27 outubro 2017

# Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela

Dirixida aos alumnos de 2º e 4º do Grao en Xeografía e Historia



**Visita ao Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela**
**Conducida por Xosé Manoel Sánchez Sánchez**
**Coordinada polo profesor Francisco J. Pérez Ródriguez**
**Prazas Limitadas**

**PROGRAMA**
**27 de outubro**

- 9:00 h. Saída de Ourense
- 18.00 h. Hora aproximada de chegada a Ourense



## #Itinerario 7

## #SaídasEstudo2017-18

Facultade de Historia
Universidade de Vigo

# 3 novembro 2017

# Lugo romano

Dirixida aos alumnos de 3º e 4º do Grao en Xeografía e Historia

Historia Antiga da P. Ibérica

Hª Antiga do NW de Galicia



**Unha visita as Termas romanas, a casa do Mitreo e a exposición romana de Porta Miñá**

**Visita coordinada polas profesoras Susana Reboreda e Rosa Brañas**

**PROGRAMA**

**3 de novembro**

- 9:00 h. Saída de Ourense
- 20.000 h. Hora aproximada de chegada a Ourense



## #Itinerario 8

## #SaídasEstudo2017-18



# VII Xornadas de Novos Investigadores

Salón de Grados
Facultade de Historia de Ourense
(Edificio de Ferro)

7 de Novembro
16:15

Facultade de Historia
Universida de Vigo

Delegación de Alumnos
Facultade de Historia

Facultade de Historia
Universida de Vigo

Centro certificado
FIDES-AUDIT



# Xornadas Xeográficas 17

Facultade de Historia
Universida de Vigo

Aula aberta
24/NOV/2017
10:00 – 14:00

Terra
Auga
Aire
Lume

**PROGRAMA:**

10:00 Presentación das Xornadas Xeográficas 17
- 10:15 – 11:00 Variacións climáticas ó longo da historia da Terra
  *Xurxo Costoya (Universidade de Aveiro)*
- 11:00 – 11:45 El suelo y sus funciones en la biosfera
  *Esther de Blas (Universidade de Vigo)*

11:45 – 12:15 Descanso
- 12:15 – 13:00 Caso: presencia de gas en los sedimentos de la Ría de Vigo
  *Alexandra Ramírez (Universidade de Vigo)*
- 13:00 – 14:00 Actividade: vaga de lumes – incendios en Galicia

14:00 Clausura das Xornadas

Salón de Graos 'Vicente Risco' – Edificio de Facultades – Campus de Ourense
Organiza: Área de Xeografía Física

*Entrada libre ata completar aforamento*

# No limiar das artes

## Encrucillada de tradicións rupestres

Ciclo de Conferencias
14-15 de Decembro 2017

Lara Bacelar Alves
Israel Barandela
Antón Bouzas
Fernando Carrera
Feliciano Cadierno
José Luis Galovart
Manuel Santos Estévez

Salón de Graos
Facultade de Historia
Campus de Ourense
Universidade de Vigo

geaat@uvigo.es

Organización:
Ladislao Castro
Beatriz Comendador

H2 Ou
GEAAT
Universida de Vigo

Facultade de Historia
Universida de Vigo

tv
la librería

# No LIMIAR DAS ARTES

## Encrucillada de tradicións rupestres

**Salón de Graos**
**Facultade de Historia**
**Campus de Ourense**
**Universidade de Vigo**

Inscrición gratuíta

geaat@uvigo.es

Entregarase diploma aos asistentes a polo menos o 80% da duración total do ciclo, por un total de 15 horas lectivas

## Ciclo de Conferencias 14-15 de Decembro 2017

XOVES 14/12/2017

- 16.00 h Apertura do ciclo. Ladislao Castro e Beatriz Comendador, Area de Prehistoria, GEAAT, Uvigo

- SESIÓN CRONOLOXÍA E ICONOGRAFÍA DA ARTE RUPESTRE
- 16.15-17.00 h *Unha interpretación narrativa dos cervos na arte rupestre galaica*. Ladislao Castro, GEAAT, Uvigo
- 17.15-18.00 h *Aproximacións cronolóxicas dende a estratigrafía horizontal: novas perspectivas* Israel Barandela, GEAAT, Uvigo
- 18.00-18.30 h Pausa+Café
- 18.30-19.15 h *Iconografia e cronoloxia da Arte Atlântica ou… os retratos de uma Utopia.* Lara Bacelar Alves, CEAACP, Universidade de Coimbra
- 19.30 Mesa redonda

VENRES 15/12/2017

- SESIÓN ARTES ESQUEMÁTICAS
- 9.30-10.15 h *O Bierzo: Unha aproximacion á súa arte rupestre postpaleolitica.* Feliciano Cadierno, Univ. Valencia
- 10.30-11.15 h *Noroeste Peninsular: encrucillada de tradicións rupestres. Beatriz Comendador*, Área de Prehistoria, Uvigo, Lara Bacelar Alves, CEAACP, Universidade de Coimbra
- 11.30-12.00 Pausa+Café
- 12.00-12.45 *Volvendo sobre os pasos. Repensando a Arte Esquemática Atlántica* Manuel Santos-Estévez, Univ. do Minho/FCT
- 13.00 Mesa redonda

- SESIÓN REXISTRO E PROTECCIÓN DA ARTE RUPESTRE
- 16.15-17.00 h *Arqueoastronomía. Rexistro e interpretación*. José Luis Galovart
- 17.15-18.00 h *A protección ecolóxica do patrimonio no monte como oportunidade para a multifuncionalidade produtiva, social e ecosistémica do territorio.* Antón Bouzas. Colectivo a Rula.
- 18.00-18.30 h Pausa+Café
- 18.30-19.15 h *Liñas estratéxicas para a protección da arte prehistórica en Galicia*. Fernando Carrera. ESCRBCGA
- 19.30 Mesa redonda e peche do ciclo

H2Ou GEAAT UniversidadeVigo

Facultade de Historia UniversidadeVigo

uvigo tv — recursos multimedia da universidade de vigo

la librería

Facultade de Historia
Universidade de Vigo

# 9 Febreiro 2018



## VISITA Á EXPOSICION "IN TEMPORE SUEBORUM"

Dirixida aos alumnos de 2º do Grao en Xeografía e Historia
Materia: Historia da Arte Medieval

**Visita coordinada pola profesora Yolanda Barriocanal López**




**PROGRAMA**
**9 Febreiro**
11:00 h.: Edificio Marcos Valcárcel
12:00 h. : Santa María Nai
13:00 h.: Museo Municipal



#Itinerario 9
#SaídasEstudo2017-18

GEAAT Universida de Vigo

DELEGACIÓN DE ALUMNOS Facultade de HISTORIA Universida de Vigo

# 2018 SUR DE ITALIA

9ª viaxe de estudos arqueolóxicos

*9º viaggio di studi archeologici*



*Tomba del Tuffatore (Paestum) 470 a.C.*

Inicio
Institucional
Investigación
Actividades Académicas
Cultura
Alumnado
Deportes
Publicacións
Opinión

Axenda
Quiosco
Hemeroteca

Campus de Ourense
Campus de Pontevedra
Campus de Vigo

RSS
DUVI (2001-2007)

Caixa de queixas, suxestións e parabéns

*xoves 22 de febreiro de 2018*

**Os resultados da investigación foron presentados este xoves no concello ourensán**

# Un estudo histórico sitúa a orixe da vila de Oímbra no século XIII, dous séculos antes do considerado

A iniciativa é froito dun convenio de colaboración coa Universidade de Vigo



**Duvi | Ourense**

En abril de 2017 Ana María Villarino, alcaldesa de Oímbra, e Salustiano Mato, reitor da Universidade de Vigo, asinaron un convenio de colaboración que tiña como obxectivo buscar as orixes históricas deste municipio ourensán. Este xoves presentáronse os resultados da investigación realizada por un equipo da Facultade de Historia do campus de Ourense. Entre eles destácase como "cos novos datos coñecidos a raíz da elaboración deste proxecto de investigación, Oímbra configúrase como vila xa no século XIII, sempre con anterioridade a 1287 e, polo tanto, dous séculos antes do que ata o momento se pensaba".

A presentación do informe do *Proxecto Investigación Arqueolóxica e Histórica sobre as Orixes do Concello de Oímbra* tivo lugar no municipio ourensán coa participación da súa alcaldesa e de Beatriz Comendador, especialista en Prehistoria e Historia Antiga, e o investigador Víctor Rodríguez Muñiz, que xunto a Beatriz Vaquero e Francisco Javier Pérez, especialistas na etapa Medieval e Moderna, completaron o equipo da Facultade de Historia que levou a cabo este estudo. A idea de pór en marcha esta iniciativa, lembrou Ana María Villarino, naceu da necesidade de buscar as orixes deste municipio e pór luz sobre a descoñecida evolución histórica deste municipio. Segundo explicaron os autores e autoras do informe, o proxecto perseguía o duplo obxectivo de amosar a información arqueolóxica coñecida para o concello, mediante a revisión de catalogacións e prospeccións en campo, e rastrexar as referencias que os textos escritos, moitos deles en documentación aínda inédita, puidesen achegar para un maior e mellor coñecemento da realidade de Oímbra.

Estudo histórico da Vila de Oímbra
https://duvi.uvigo.gal/duvi_gl/contenido/artigos/investigacion/2018/02/artigo_0016.html

Facultade de Historia
Universidade Vigo

23 Febreiro 2018

# VISITA AO EDIFICIO DO VELLO PALACIO EPISCOPAL DE OURENSE. SEDE DO MUSEO ARQUEOLOXICO

Dirixida aos alumnos de 2º do Grao en Xeografía e Historia

Materia: Historia da Arte Medieval

**Visita coordinada pola profesora Yolanda Barriocanal López**



**PROGRAMA**

**23 Febreiro**

11:00h.: Edificio MUSEO. Praza Maior



#Itinerario 10

#SaídasEstudo2017-18







*luns 26 de febreiro de 2018*

**Poden inscribirse estudantes de 4º de Educación Secundaria Obrigatoria de Galicia**

# A I Olimpíada de Historia celebrarase o día 25 de maio no campus

Será un concurso competitivo de pregunta-resposta



**Rosa Tedín | Ourense**

A Facultade de Historia do campus de Ourense, en colaboración coa revista *El Octavo Historiador*, vén de convocar a I Olimpíada de Historia. Fai Historia con nós. Con carácter autonómico e pioneiro en Galicia, a cita ten como obxectivo espertar a curiosidade do alumnado preuniversitario por esta área. Os estudantes de 4º de Educación Secundaria Obrigatoria de Galicia interesados en participar neste concurso competitivo de pregunta-resposta teñen de prazo ata o 13 de abril para inscribirse. A competición terá lugar o día 25 de maio no campus de Ourense.

Susana Reboreda, decana da Facultade de Historia; Beatriz Nieto, egresada deste centro e profesora do Colexio Padre Feijoo-Zorelle, e os membros da publicación *El Octavo Historiador* e tamén egresados da facultade ourensá Ángeles Coello e David Morenza, foron os encargados este luns de presentar a convocatoria. A idea, explicou a decana, nace da paixón compartida pola historia dos seus promotores, destacando como a iniciativa está liderada por tres egresados e egresadas do centro. A posta en marcha desta I Olimpíada de Historia, apuntou Susana Reboreda, "cubre un oco moi importante" no panorama galego e faino "dun xeito diferente, cun formato de pregunta-resposta, non de exame, moi atractivo e motivador para o alumnado e o profesorado".

Segundo explicou Beatriz Nieto a proposta xurdiu grazas aos bos resultados acadados polas Olimpíadas Históricas que esta historiadora viña organizando no Colexio Padre Feijoo-Zorelle co seu alumnado de 4º de Educación Secundaria Obrigatoria. Coa posta en marcha desta olimpíada de ámbito galego, os centros participantes, apuntou a profesora, poden aproveitar esa experiencia para levar esta dinámica ás súas aulas. "A historia non é algo aburrido que memorizar e esta olimpíada quere darlle unha volta a esta idea", comentou David Morenza da iniciativa, que conta coa colaboración da Vicerreitoría do campus de Ourense, o Consello Social da Universidade de Vigo, a Deputación Provincial, o Concello de Ourense e diversas empresas da cidade, como a Libraría O Moucho, El Octavo Pasajero e Xogon.

## Obxectivos, dinámica e premios

Rolda prensa presentación I Olimpíada de Historia. Fai Historia con nós.
https://duvi.uvigo.gal/duvi_gl/contenido/artigos/institucional/2018/02/artigo_0019.html

## Jornadas de Historia Contemporánea y del Tiempo Presente

Julio Prada Rodríguez
Emilio Grandío Seoane
Enya Antelo Alvite
Diego Gómez-Aller Andrés

# LA TRANSICIÓN A LA DEMOCRACIA EN GALICIA




6-7 de marzo de 2018
Facultade de
Xeografía e Historia
Salón de Graos

### COMITÉ ORGANIZADOR

Jesús de Juana López
Julio Prada Rodríguez

### COMITÉ CIENTÍFICO

Emilio Grandío Seoane
Julio Ponce Alberca
Domingo Rodríguez Teijeiro
Luis Domínguez Castro
José Ramón Rodríguez Lago
Jesús de Juana López
Julio Prada Rodríguez

HC1: Grupo de investigación de Historia Contemporánea Universida de Vigo · XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA · Facultade de Historia Universida de Vigo · UNED OURENSE · INESPROGAL · HC

FARO DE VIGO

# Los másteres científicos y tecnológicos tienen los titulados más satisfechos con su formación

Los egresados de los programas más valorados destacan la actualidad y adecuación de los conocimientos adquiridos, la utilidad de las prácticas y los servicios de la Universidad

**Sandra Penelas** 02.03.2018 | 02:41

Los másteres científicos y tecnológicos se mantienen como los títulos mejor valorados por los egresados de la **Universidad de Vigo** en el último informe de satisfacción realizado por el área de Calidad. Los encuestados destacan la actualidad y la adecuación de la formación recibida, así como la utilidad de las prácticas y los recursos y servicios de las institución.

En este "top ten" solo se cuelan dos másteres del ámbito jurídico y social: Dirección Pública y Liderazgo Institucional, de Pontevedra; y Creación, Dirección e Innovación en la Empresa, de Ourense. La rama de **arte** y humanidades solo está representada por el grado de Geografía e Historia que se imparte en el campus de As Burgas.

Los resultados del informe se basan en las respuestas de 1.399 personas que acabaron sus grados y másteres durante el **curso** 2015/16, lo que representa al 38% de los titulados en ese periodo. Además, casi el 50% de ellos estaban empleados o habían trabajado en ámbitos relacionados con su formación.

Los encuestados otorgan a la institución viguesa una nota media de 3,30 sobre 5, un resultado entre la consideración de aceptable (3) y satisfactoria (4). La calificación final es el resultado de

la valoración del plan de estudios, su actualidad, la orientación profesional y laboral, las prácticas externas, los profesores, los recursos y servicios de la **Universidad** y la adecuación y utilidad de los conocimientos recibidos a la carrera profesional, entre otras cuestiones.

La Universidad repite la misma valoración del informe anterior, para el que fueron entrevistados más de 800 titulados durante el curso 2014/15.

El máster en Ingeniería Química mejora su puntuación entre los diez programas más valorados y pasa del noveno puesto al primero con un 4,71, rozando la calificación de "muy satisfactorio". Y también repiten los posgrados de Matemática Industrial; **Ciencia** y Tecnología de Conservación de Productos de la Pesca, e Ingeniería Informática.

Respecto a los grados más valorados por los egresados de la institución viguesa, tras el de Geografía e Historia -el único en los primeros diez puestos del *ranking g*lobal con la nota máxima de 3,99- se sitúan Derecho de Ourense -3,89-, Química -3,82-, Comercio -3,80- y Biología -3,61-.

La lista de las carreras más valoradas la completan Fisioterapia -3,60-, Derecho de **Vigo** -3,58-, Administración y Dirección de Empresas (ADE) de Ourense -3,56-, Ciencia y Tecnología de los Alimentos -3,55- y Relaciones Laborales -3,46-.

Teniendo en cuenta los másteres y grados impartidos por los centros de los tres campus, el más valorado por los egresados es la Facultad de Química, que recibe un 3,83.

Y tras ella destacan la facultad ourensana de Historia -3,75-, la Escuela de Estudios Empresariales de Torrecedeira -3,73-, Derecho de Ourense -3,71- y Fisioterapia de **Pontevedra** -3,60-.

Un resultado llamativo del informe es el alto nivel de satisfacción que muestran los exalumnos del programa de mayores de la Universidad, que supera la media de la institución en los tres campus. Los titulados del ciclo intensivo de Pontevedra otorgan a la formación recibida una nota de 4,07, los de Vigo un 3,87, y los de Ourense un 3,85. Y los universitarios superior sénior (ciclo integrado) la califican con un 3,73 (Ourense) y un 3,49 (Vigo).

*venres 9 de marzo de 2018*

**A facultade celebrou este venres unha xornada de orientación profesional**

## Todo o que o alumnado de Historia necesita saber sobre... o traballo fin de grao e saídas profesionais

A egresada Laura Novelle presentou o seu primeiro libro



**Rosa Tedín | Ourense**

A Facultade de Historia do campus de Ourense celebrou este venres unha Xornada de Orientación Profesional destinada a orientar ao seu alumnado en dous aspectos: no traballo fin de grao e nas saídas profesionais desta titulación. Por unha banda, egresadas e egresados do centro volveron a el para explicar aos estudantes diferentes opcións que teñen ao rematar os seus estudos, desde as oposicións ata o emprendemento. Por outra, a egresada Laura Novelle presentou o seu primeiro libro, titulado *Sobrevivir ao traballo fin de grao en Humanidades e Ciencias Sociais. Todo o que necesitas saber*.

### Das oposicións á arqueoloxía privada

"Estas xornadas naceron a iniciativa do alumnado, que demandou coñecer mellor as saídas profesionais que teñen", comentou Adolfo Fernández, vicedecano da Facultade de Historia. Co obxectivo de dar resposta a esta demanda, detallou, deseñaron unhas xornadas que, contando coa colaboración do Consello Social da Universidade de Vigo, buscaron "abordar diferentes posibles saídas profesionais a partir do traballo que están realizando algúns dos nosos egresados e egresadas". Tendo en conta que a saída laboral maioritaria do alumnado deste centro son as oposicións as xornadas arrancaron cunha intervención sobre elas pero tamén incluíron outras opcións tanto do eido público como privado.

